

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13

SESION ORDINARIA DO 30 DE MAIO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Calviño Rodríguez, Julio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Domínguez Olveira, Santiago Xosé
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel

Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Pérez Mariño, Ventura
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Graña Barcia, M^a Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
Molares Pérez, Lucía Emilia
Porteiro García, María Josefa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as oito horas e corenta minutos do día trinta de maio do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez (con retraso), Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten as Sras. Graña Barcia, Molares Pérez e Porteiro García e o Sr. Guerra Fernández. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e maila Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

A PRESIDENCIA: Comezamos o Pleno gardando un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero.

A Corporación Municipal e máis todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- (103).-ACTAS ANTERIORES. (SESIÓN 28.02.05, SESIÓN EXTRORD. E URXENTE DE 28.02.05 E SESIÓN ORDINARIA 01.04.05)

INTERVENCIÓN DO SR. VIÉITEZ ALONSO: Pedir unha corrección na páxina 171 no reverso, parágrafo terceiro, liña 5 onde di: "...mesmo dos que non están fóra". É "...mesmo dos que están fóra". Trátase de eliminar a verba "non" porque senón non tería sentido.

A PRESIDENCIA: Corríxase.

Unha vez oída a cinta gravada da sesión, compróbase que a intervención do Sr. Viéitez Alonso está fielmente transcrita aínda que, tal como apunta o Sr. Vieitez, non ten sentido co resto do expresado no parágrafo en cuestión, polo que se procede á súa rectificación.

(No momento da votación está ausente o Sr. Alonso Vázquez).

Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións ordinaria e extraordinaria e urxente de data 28 de febreiro de 2005.

Igualmente aprobase por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria do 1 de abril de 2005 coa seguinte rectificación:

- No folio 170 volto, no debate correspondente ó punto núm. 18 da orde do día, "Moción do Grupo municipal do BNG relativa ó proxecto de Lei da Área Metropolitana de Vigo", na intervención do concelleiro Sr. Vieitez Alonso, no terceiro parágrafo, onde di "...mesmo dos que non están fóra",

deberá dicir "...mesmo dos que están fóra", corrección que queda incorporada ó texto da devandita acta.

2.- (104).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE DA U.A. 11 AS ROTEAS EN OIA. (EXPTE. 8962/411).

ANTECEDENTES.- Con data 22 de abril de 2005, o técnico de administración xeral de Planeamento e xestión, Sr. Cominges Cáceres, emite o seguinte informe:

"FEITOS.

1.- En data 30/04/1997 o pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o estudo de detalle da UA 11 Roteas (Hermida, San Miguel de Oia) redactado polos servizos técnicos municipais da oficina de Planeamento, en coordinación cos do Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia -IGVS- (expte. 4197/411).

No día 04/09/1998 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización dese ámbito, a instancia do IGVS (expte. 4062/401).

O IGVS executou as obras de urbanización e edificación previstas nes proxectos urbanísticos, previa derruba das vivendas sociais antes existentes, para realoxo dos residentes nelas.

2.- En data 30/03/2004 o xefe provincial do IGVS interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación dunha modificación puntual do citado estudo de detalle. Achegou ó efecto a correspondente documentación técnica, asinada pola arquitecta D^a Elena de las Cuevas Fraga.

No 08/06/2004 a Subdirección Xeral de estradas da CPTOPV da Xunta de Galicia emitíu o seu informe sectorial sobre a pretendida modificación, requirindo a rectificación dos accesos á estrada autonómica PO-552 Vigo-Tui.

En atención ó dito informe, o IGVS efectuou as rectificacións precisas, que foron informadas favorablemente pola Subdirección Xeral de estradas no día 27/07/2004.

En data 24/08/2004 o IGVS presentou nesta Administración municipal a versión final e corrixida da referida modificación do ED.

3.- No 25/08/2004 o arquitecto municipal da oficina de Planeamento emitíu informe ó respecto. Nél fixo constar, entroutros extremos, o seguinte:

"(...)A modificación proposta do estudo de detalle afecta, unicamente á disposición de sólidos na segunda fase de execución da Unidade. A modificación consiste en variar a disposición dos seis sólidos previstos, situándoos todos eles en dirección Norte-Sur, paralelamente á primeira fase, e non formando unha "ELE" como figuraban no estudo de detalle primitivo. Xustifícase nunha mellor adaptación á urbanización, orientación e condicións de soleamento e vistas das vivendas. Todas as demais determinacións (ocupación, alturas, edificabilidade, rasantes, etc.) permanecen idénticas ó estudo de detalle aprobado anteriormente. (...).

A modificación do estudo de detalle aprobado ten unha causa xustificada de interese público, e consiste nunha diferente ordenación de volumes, que desenvolve determinacións do Plan Xeral para a unidade de execución completa. Non se produce ningunha alteración do destino urbanístico do solo, non se incrementa o aproveitamento urbanístico, nin se reducen ou modifican as superficies destinadas a viais, espazos libres nin dotacións públicas. Tampouco se prevé a apertura de ningunha nova vía de uso público, en relación coa ordenación detallada aprobada anteriormente, e non se aumentan nin a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso. Cúmprase, xa que logo, as finalidades establecidas para os estudos de detalle no artigo 73 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

O estudo de detalle presentado contén a documentación mínima esixida no artigo 66 do Regulamento de Planeamento: Memoria, descritiva do ámbito e xustificativa da ordenación, e Planos con escalas suficientes.

As características cuantitativas da modificación, en relación coas determinacións do PXOU e co estudo de detalle aprobado que se modifica son as seguintes:

	PXOU	ED APROBADO	ED MODIFICADO
SUPERFICIE	17.200 m ²	17.200 m ²	17.200 m ²
Nº DE VIVENDAS	100	88	88
EDIFICABILIDADE	1,1 m ² c/m ²	1,1 m ² c/m ²	1,1 m ² c/m ²
EDIFICABILIDADE TOTAL (RESIDENCIAL)	18.900 m ² c	18.900 m ² c	18.900 m ² c
ORDENANZA DE APLICACIÓN	1.2.C.	1.2.C.	1.2.C.
ALTURA MÁXIMA	III plantas	III plantas	III plantas

A modificación do estudo de detalle contempla a obriga de presentar un proxecto de urbanización modificado para axustar as obras de urbanización á modificación do estudo de detalle. Dito proxecto de urbanización deberá, igualmente, xustificar e adaptar as obras de urbanización ás determinacións da Lei 8/97 da Xunta de Galicia, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, así como ó Regulamento (Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais), como se esixe en dita normativa. (...)".

No 26/08/2004 o letrado da Xerencia de Urbanismo emitíu informe-proposta favorable á aprobación inicial deste procedemento.

4.- En data 20/09/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente a modificación do proxecto de urbanización. A continuación abriuse un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles,

mediante publicación de anuncios no DOG núm. 219, do 10/11/2004 e no diario "Faro de Vigo" do 29/10/2004, así como notificación individualizada ós afectados.

Durante dito período non se interpuxo ningún escrito de alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Consonte co disposto no art. 73 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) esta modificación puntual do estudo de detalle da "UA 11-As Roteas" límitase a reordea-los volumes edificables do ámbito de referencia, sen apertura de novo viario, nin incremento de alturas ou edificabilidade.

Do mesmo xeito esta modificación adáptase á interpretación auténtica da LOUGA establecida pola CPTOPV da Xunta de Galicia no aptdo. 3.1.b) 'in fine' da súa circular 3/2003, do 31 de xullo (DOG 150, do 05/08/2003).

II.- O procedemento tramitouse de conformidade co preceptuado nos arts. 94 e 86.2 LOUGA

É competente para emiti-lo acordo de aprobación definitiva que agora se propón o Pleno do Concello, de acordo co establecido no art. 123.1.i) Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL), modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro."

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 28 de abril de 2005, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Alonso Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinteún votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e o voto en contra do Sr. Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación puntual do estudo de detalle da UA 11 As Roteas (Hermida-Oia), promovida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, con memoria e planos asinados pola arquitecta D^a Elena de las Cuevas Fraga, visados polo COAG en datas 20/07/2004 e 25/03/2004 (expte. 8962/411).

Segundo.- Deberá presentarse, para a súa tramitación e aprobación, a correspondente modificación do proxecto de urbanización dese ámbito, adaptada á normativa vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Terceiro.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ó IGVS da Xunta de Galicia e ós propietarios do ámbito, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

3.- (105).-MODIFICACIÓN DO ESTUDO DE DETALLE ENTRE AS RÚAS PEDRO ALVARADO, PURIFICACIÓN SAAVEDRA E ENRIQUE LORENZO.- DESESTIMACIÓN. EXPTE. 9007/411.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de abril de 2005 o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión, Sr. Prada Puentes, informa do que segue:

"O Concello de Vigo dispón dun instrumento de planeamento xeral, así como a subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU á Lei 11/85, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de abril de 1993 (DOGA do 10.5.93).

Con data 29 de xullo de 1996, aprobose definitivamente polo Pleno do Concello un estudo de detalle do cuarteirón comprendido entre as rúas Pedro Alvarado, Enrique Lorenzo e Purificación Saavedra co fin de establecer as aliñacións interiores, fondos edificables e as rasantes do patio cuarteirón.

O 15 de abril de 2004, a empresa "Esgasa Galicia, S.A." presenta proxecto de modificado de estudo de detalle na rúa Pedro Alvarado. O mesmo está asinado polos arquitectos don Daniel González Rodríguez e dona Ruth Giráldez Rodríguez, visado polo Colexio de arquitectos de Galicia o 7 de abril de 2004. As parcelas obxecto do estudo de detalle están clasificadas como solo urbano, ordenanza 1.1.B de edificación pechada.

Consta no expediente informe emitido polo arquitecto técnico municipal da oficina de Planeamento e Xestión no que se describe o estudo de detalle presentado do seguinte xeito:

"...A reforma do estudo de detalle presentado ten por obxecto modificar a rasante do patio cuarteirón na traseira das edificacións existentes na rúa Pedro Alvarado e o fondo edificable baixo rasante do estudo de detalle aprobado, mantendo as aliñacións do edificio colindante e regularizando o patio de cuarteirón co fin de reflectir a realidade existente. Coas determinacións do estudo de detalle aprobado, o fondo edificable baixo rasante da parcela atrásase con respecto ás aliñacións existentes uns 9,40 metros, creando un extremo do patio actual de cuarteirón un espacio residual para patio de cuarteirón de 10,83x9,40 m. a unha cota por debaixo das parcelas colindantes duns 5,50 metros."

A aprobación inicial do planeamiento xeral de decembro de 2004, clasifica a parcela como urbano consolidado, Ordenanza de aplicación 4-1º.

Consta no expediente informe do técnico de admón xeral e o cumprimento do trámite de audiencia, durante o cal non se formularon alegacións.

Disposicións legais aplicables:

- 1.- Constitución española (artigos 33, 148.1.3º, 149.1.18º etc.).
- 2.- Lei 6/98, do 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.
- 3.- Lei 9/02, do 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/04.
- 4.- Real decreto 2.159/1.978, polo que se aproba o regulamento de planeamento urbanístico.
- 5.- Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

1.- Viabilidade da utilización do instrumento estudo de detalle para a modificación da rasante e alteración do fondo edificable.

Coa redacción actual da Lei 9/02 o estudo de detalle está configurado como un planeamento de desenvolvemento dos plans xerais, parciais, especiais (artigo 73 Lei 9/02). Entre as súas finalidades se atopan as de completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenación de volumes ou mesmo de concreción das condicións estéticas previstas no planeamento que corresponda. O obxecto do estudo de detalle viuse notablemente reducido con respecto á redacción contida no real decreto 1.346/76, do 9 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime do solo e ordenación urbana e no propio real decreto 2159/78, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento urbanístico. É un límite dos estudos de detalle, a ordenación xa definida no planeamento superior. No plan xeral (así mesmo, no parcial e especial) deben estar previstos os parámetros ou determinacións urbanísticas básicas e o estudo de detalle non pode realizar unha función integradora dun baleiro normativo que puidese ter o planeamento de rango superior. Así se está concluindo polo Tribunal superior de Xustiza de Galicia en reiteradas sentenzas, poñendo por exemplo a de 4 de xullo de 1996, na que sinala:

"...El Plan General carece además- en forma ostensible- de las determinaciones necesarias respecto de la zona de que se trata para poder ser desarrollada por un simple estudio de detalle. (...) existe un vacío en la ficha del Plan General. Es obvio ese vacío y no se podía colmar sin introducir una ordenación urbanística sustantiva totalmente inadecuada al rango y finalidad de un modesto estudio de detalle. Esta circunstancia aboca necesariamente a la declaración de ilegalidad que se contiene en la sentencia recurrida. Es claro también que la remisión imprecisa que el estudio de detalle ha hecho a una ordenanza que se refiere a edificación abierta, cuando lo que pretende es aplicarlo a edificación cerrada, no solo no sirve de cobertura para colmar la insuficiencia ostensible de ordenación, sino que -sin entrar en más detalles- genera una inseguridad jurídica evidente. El motivo debe decaer, debiendo ser confirmada la conclusión de que el estudio de detalle anulado contiene determinaciones impropias de su naturaleza, que contravienen lo establecido en el citado artículo 65.6 del RP..."

Coa redución das posibilidades de utilización do estudo de detalle realizado pola Lei 9/02, para fins tales como o de modificación da rasante e a alteración do fondo edificable, fai inviable a utilización deste instrumento para a solución proposta pola empresa promotora. O feito de que se utilizara o estudo de detalle o ano 1996 para o sinalamento (que non reaxuste) das rasantes e do propio fondo edificable, non significa que neste momento se poida utilizar a mesma vía para o establecemento dunhas determinacións máis propias dun planeamento xeral. En conclusión, as rasantes deben estar determinadas polo planeamento que corresponda, sendo posible que o reaxuste sexa realizado por un estudo de detalle. Do mesmo xeito, a determinación do fondo edificable sobre rasante, é unha tarefa propia dun instrumento de planeamento xeral ou doutro que cando menos reflecta a ordenación detallada. Polo tanto, existen dous límites ó contido dos estudos de detalle: un de carácter absoluto de observancia ás estipulacións contidas no Plan e outro, consistente en que lle está vedada a ordenación *ex novo* (*Jose Antonio del Valle Casitas, Cuadernos de urbanismo, Editorial Montecorvo, S.A.*). Existe numerosa xurisprudenza do Tribunal Supremo que limita o contido de estudos de detalle, tales como a STS 24.9.86 (Aranzadi 6087/86), 12.5.88 (Arz. 3704/88), 9.7.88 (Arz. 5949/88), 23.1.91 (Arz. 597/91), 25.9.91 (Arz. 7707/91), 25.2.92 (Arz. 3013/92) etc...

2.- Resolución dos problemas de vacíos legais xurridos con ocasión da continua remisión do Plan xeral de ordenación urbana, ó estudo de detalle.

A sentenza 784/97, do 19 de xuño de 1997, anulou parcialmente o Plan xeral de ordenación urbana de Vigo, dada a indeterminación do instrumento de planeamento con respecto á tipoloxía básica edificatoria, pendente da súa definición polo planeamento secundario. Tal carencia quedou suplida por unha modificación puntual (a número 12) do Plan xeral. A natureza normativa dun plan xeral fai necesario que as lagoas ou baleiros normativos que se puideran encontrar na aplicación do mesmo, deban solucionarse polas regras básicas da teoría xeral do dereito e na normativa urbanística vixente no presente momento. Como se fixo referencia con anterioridade, podería acudirse a un expediente de modificación puntual (inviable xurídicamente dado o estado de tramitación do plan xeral de ordenación municipal), ou mesmo á formulación dun plan especial de reforma interior, instrumento lexítimo para a solución de problemas como o presentado pola empresa "Esgasa Galicia, S.A."

3.- Situación da parcela no documento de aprobación inicial do Plan xeral de ordenación municipal.

De acordo co informado o 15 de febreiro pola arquitecta municipal sobre a incidencia da aprobación inicial ó expediente de modificación de estudo de detalle en cuestión, a proposta presentada non se axusta o planeamento aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o 30 de decembro de 2004 (acordo de aprobación publicado o 15 de febreiro de 2005). Concluese no citado informe o seguinte:

"As condicións de edificación da Ordenanza 4 grao 1º, que lle corresponden ó solar propiedade de <Esgasa Galicia, S.A.> obxecto deste informe son máis restrictivas cas do anterior planeamento. O PXOM (apr. inicial do 30 de decembro de 2004) na ordenanza 4 de grao 1º establece unha limitación de fondo inferior ó planeamento de 1993, cun fondo máximo 15 m. e limita a edificabilidade á resultante de multiplicar o ancho da parcela por 15 m e

por 5 plantas, sen posibilidade de aumentar esa edificabilidade; tampouco se poden aumentar ó número de plantas nos casos "debidamente xustificadas", tal e como se contempla no planeamento anterior. É máis restrictiva tamén, a regulación das pendentes das cubertas, saíntes e voos, etc..."

En definitiva, non é procedente a aprobación dun estudo de detalle con estipulacións contrarias ó planeamento aprobado inicialmente, dada a suspensión de licenzas que ela implica nos casos en que a nova ordenación aprobada inicialmente sexa incompatible coa establecida no planeamento vixente. Segundo o artigo 77.2 da Lei 9/02, do 31 de decembro, pola que se aproba a Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento determinará a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio, naquel caso que supoña unha modificación da ordenación urbanística vixente. A ordenación do uso dos terreos e construcións establecida no planeamento non conferirá dereito ós propietarios a esixir indemnización, agás os supostos previstos no Título V da Lei 6/98, do 13 de abril, polo que se aproba a Lei do réxime do solo e valoracións. A sentenza do Tribunal Supremo de 28.02.89, alude o presente tema fundamentando o seguinte:

"...el principio de vigencia indefinida de los planes de ordenación urbana no pueden entenderse en un sentido estático, de perpetuación de la ordenación, sino como garantía de su estabilidad y permanencia. Esta postura no impide que la Administración ejercite sus facultades de revisión y modificación, cuando nuevos criterios o nuevas necesidades hagan necesaria o adecuada la actualización del planeamiento vigente en un momento determinado...no existe vinculación del plan actual a las determinaciones del anterior, ni en consecuencia, su alteración implica desconocimiento de derecho adquirido alguno salvo la concurrencia de un supuesto indemnizatorio (STS 28.01.00)...el hecho de que los terrenos estuviesen ordenados mediante plan parcial no representa obstáculo para la actuación del <ius variandi> que la Administración ostenta en materia de planeamiento y que se extiende también a aquellos que estén en curso de ejecución (STS 28.01.00)."

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.

De acordo co previsto no artigo 123 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e a interpretación realizada polo STSX de Galicia do 27 de novembro de 2003, a competencia para a resolución do presente expediente é o Pleno."

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 28 de abril de 2005, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Alonso Vázquez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinteún votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill,

S.Ordinaria 30.05.07

Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e a abstención do Sr. Soto Ferreiro, acórdase:

Desestimar a aprobación inicial do estudo de detalle presentado pola mercantil "Esgasa Galicia, S.A." elaborado polos arquitectos don Daniel Giráldez Rodríguez e Ruth Giráldez Rodríguez (visado do 7 de abril de 2004), dado que o instrumento presentado non é idóneo para lograr os fins contidos no mesmo e non é conforme coa ordenación prevista na aprobación inicial do PXOM acordada na sesión Plenaria do Concello de Vigo o 30 de decembro de 2004.

4.- (106).-POSTA A DISPOSICIÓN DE TERREOS A FAVOR DA XUNTA DE GALIZA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CUARTO HOSPITAL EN VIGO.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O noso Grupo quere facer unha intervención neste punto porque seméllanos importante que se contemplen algunhas cuestións con relación á posta a disposición dos terreos a favor da Xunta de Galiza para a construción dun cuarto hospital en Vigo.

Queremos comezar dicindo que xa en novembro de 2003 o BNG presenta unha moción solicitándolle a toda a Corporación precisamente instar á Xunta de Galiza para a construción do hospital de referencia para a área sur, máis en concreto situado en Vigo.

Xa daquela eramos conscientes da necesidade dun hospital de referencia para esta cidade, entroutras cousas porque seguen existindo aínda hoxe certas especialidades médicas para as que os nosos veciños e veciñas mesmo se teñen que ir fóra da nosa cidade para seren atendidos.

Tamén daquela eramos conscientes da situación en que se atopa a área sur de Vigo cun número máis que deficiente de camas hospitalarias na nosa cidade e cunhas ratios que están na cola de todo o Estado español.

Contando con isto e contando con estas previsións xa no Plan Xeral de Ordenación Municipal se contemplan eses terreos para que se poida construír este hospital de referencia. Ademais dende o 30 de decembro, coa aprobación inicial deste Plan Especial de Ordenación Municipal, dalgún xeito mesmo quedan consolidados eses terreos para esta construción.

É dicir, hai moitísimos meses nos que vostede, Sra. Alcaldesa e Grupo de Goberno, saben deste acordo e saben da existencia destes terreos reservados xa no Plan Xeral de Ordenación Municipal e precisamente logo de moitos e moitos meses sabendo desta previsión vostedes nos traen esta cesión o pasado xoves á Xerencia de Urbanismo a présa, correndo, fóra da orde do día e por urxencia.

Dende o BNG preguntámonos a qué veñen estas présas logo de moitos e moitos meses coñecendo esta realidade. Pois eu vou dar contestación a esta pregunta que non deixa de seren unha pregunta retórica.

As présas está claro, este é o último Pleno antes do día 19 de xuño e todos e todas sabemos que vai acontecer o 19 de xuño: eleccións autonómicas.

Unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego quere criticar e denunciar este electoralismo que vostedes están unha vez máis facendo. Unha vez máis estase a demostrar que Vigo para vostedes está por debaixo dos intereses do seu propio Partido e dos intereses electoralistas. Están vostedes, Sra. Alcaldesa, unha vez máis utilizando a esta cidade coma trampolín para lle facer gañar as eleccións a Manuel Fraga e para contentar ó Sr. Feijóo, candidato número un por esta provincia.

¿Por qué dicimos isto? ¿por qué nos preocupa? Porque sabemos o que vai pasar ou cando menos temémonos o que vai pasar e temémonos que dentro de 6, 5, 4 días, non sabemos cantos pero antes do 19 o Sr. Feijóo veña a Vigo cun anteproxecto debaixo do brazo, temémonos que vostede se faga a foto con ese anteproxecto e chegado ese momento as demais forzas políticas (nós polo menos) teremos que falaren dese anteproxecto porque estamos a falar da construción dun hospital que é algo que coidamos moi serio porque nós pensamos que coa saúde e cos servizos sanitarios non se debe xogar. Polo tanto aparecerá ese anteproxecto e comezarán a xurdir as normais discrepancias, as distintas opinións sobre ese tema e unha vez máis podemos dar esa imaxe que non queremos dar, polo menos dende o BNG, de que os grandes proxectos para Vigo sempre saen con diverxencias aínda que non sabemos moi ben por qué.

Isto é o que nos preocupa do acordo que hoxe se trae e na súa man, Sra. Alcaldesa, está evitar todo isto e ademais o ten moi fácil. Mire, xa ten vostede o compromiso de todas e cada unha das forzas políticas desta Corporación que apoiamos na anterior Xerencia co noso voto afirmativo a cesión destes terreos e apoiámolo porque loxicamente somos forzas responsables e ademais porque o BNG ten claro que este hospital se precisa e ímolo apoiar sempre.

Polo tanto ten vostede xa ese compromiso, polo menos ten o compromiso do Bloque Nacionalista Galego que así o manifestou cos seus votos nese Consello da Xerencia.

Partindo dese compromiso o que o Bloque Nacionalista lle pide agora e o que Santiago Domínguez coma voceiro lle pide é que retire este punto da orde do día.

O vindeiro Pleno municipal vaise realizar o 27 de xuño, menos dun mes. Nós o que lle pedimos é que retire este punto da orde día, repito que xa ten o compromiso de que loxicamente imos apoiar esta cesión, tráíanos se é que existe ese anteproxecto e se non existe máis razón aínda para o que estou dicindo, falémolo, discutámolo, mirémolo e o 27 de xuño aprobemos este punto, cedamos os terreos, nós polo menos mesmo estamos dispostos a aprobar e a manifestar a nosa opinión favorable dese anteproxecto logo do discutir e consensuar. Deste xeito estaremos dando polo menos e por unha vez a imaxe de que os intereses de Vigo e aqueles proxectos que son importantes para a cidade non os supeditamos ás loitas electorais

En absoluto perdemos tempo deixando isto para o 27 de xuño porque vostede non vai nin hoxe, nin mañá licitar as obras, nin meter as máquinas para que empece esa construción. Polo tanto non perdemos tempo ningún e estaremos gañando dende o noso punto de vista, dende a nosa humilde opinión, credibilidade para os grandes proxectos que esta cidade ten en marcha.

A nós non nos gustaría que cometera o mesmo erro que cometeu, por poñer un exemplo, coa depuradora. Trouxo vostede a un conselleiro, sacáronse a foto dicindo mesmo onde a ían instalar e ó día seguinte aparecen xa as diverxencias mesmo de Zona Franca, etc. Non nos gustaría que con este tema pasara o mesmo e polo tanto é polo que lle pedimos en aras á responsabilidade, en aras a que este proxecto non naza xa viciado por unhas présas electoralistas que non entendemos, que o retire.

Teno feito con outros temas. Hai unhas semanas acaba de dicirlle a un conselleiro de seu que paralizara unha pretendida ampliación da ORA, seica non era un tema coma moi acaído nun momento electoralista coma este.

Pois neste caso coidamos que hai razóns de máis para que vostede retire este punto da orde do día. Traiámolo aquí o 27 de xuño, aprobemos a cesión dos terreos e mesmo as forzas políticas que configuramos esta Corporación teñamos tempo a visualizar ou polo menos a poder falar sobre ese anteproxecto. E se vostede nos di que non hai anteproxecto máis razón aínda para que o 27 de xuño poidamos aprobar este punto. Nada máis, gracias.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Só para indicar que o Grupo municipal socialista se engade á proposta do BNG.

A PRESIDENCIA: Nos primeiros días do ano 2004, na primeira visita que lle fago ó Presidente da Xunta cun dossier de peticións para a cidade de Vigo, un dos puntos, coido que era dos máis importantes porque estamos todos de acordo en que esa petición do Bloque Nacionalista Galego no seu día era un clamor da cidade e de todos e nesa primeira visita leveille ó Sr. Presidente da Xunta a petición dese novo hospital para a cidade de Vigo e a súa área metropolitana.

Uns días despois, cando ven aquí o Conselleiro de Sanidade, daquela o Sr. Hernández Cochón, comprométese a que ese hospital vai estar na área e no solo de Vigo. A partir dese momento comézase a traballar nesa grande necesidade. Sabiamos que o Plan Xeral de Ordenación Municipal xa tiña unha reserva de solo, mesmo eu mantiven algunha reunión con outros responsables de Sanidade, ampliáse esa reserva de solo e comeza un traballo que, cun cambio de Conselleiro polo medio, retómase co novo Conselleiro que di que é necesario facer un estudo sobre qué tipo de hospital precisa a cidade de Vigo. Comézase ese estudo por parte da Consellería e de xeito paralelo e logo de seren aprobado inicialmente o Plan Xeral, por suposto porque sería absurdo facelo antes, levan 5 meses traballando técnicos da Xerencia de Urbanismo con técnicos da Consellería de Sanidade.

Polo tanto chegamos ó momento no que toca adquirir ese compromiso de cesión de solo para seguir avanzando. Non entendemos porqué esta cidade vai sufrir máis paróns porque todos os anos temos eleccións e xa lles engadimos ós longos paróns que viviu a cidade de Vigo con todos os proxectos, se lle engadimos que temos que parar porque non lles semella ben que en época electoral se presente o cuarto hospital... Miren, o cuarto hospital é unha demanda de toda a cidadanía polo tanto aí todos poñémonos ou quitámonos medallas pero é toda a cidadanía a que está a favor dese cuarto hospital, todos reclamámolo, aquí non se trata de que uns nos poñamos medallas e outros non.

¿É ou non necesario ese cuarto hospital? ¿é necesario que se busquen solucións canto antes? Si, é necesario. Polo tanto non imos entrar en dilacións e non podemos seren uns irresponsables. Dentro do orzamento do 2005 da Xunta de Galiza hai cartos para facer ese proxecto. Mentres que se licita e se poñen a executar o proxecto podemos chegaren a final de ano e non ter feito o proxecto e polo tanto se perden eses cartos e pérdese unha

oportunidade única para ter ese hospital. Coido que sería unha irresponsabilidade pola nosa parte paralo aínda que sexa unha soa semana e polo tanto nós mantemos que non se retire ese punto da orde do día porque é fundamental para a nosa cidade, o outro si que sería electoralista.

SR. SOTO FERREIRO: Mágoa que o Partido Galeguista non teña poder de decisión nesta Corporación, mágoa que non poidamos ir a estas eleccións autonómicas. Acaban de escenificar a Galiza fracturada do mellor xeito posible. Arredor dun proxecto no que todos estamos de acordo buscamos o mellor xeito de discutir e de pelexármonos entre todos. Pois créanme que é patético e por parte de todos.

A min paréceme que ten razón o Sr. Domínguez Olveira, coido que isto se trae porque interesa electoralmente neste momento concreto, e ¿esa é unha razón suficiente para que paremos esa construción dun cuarto hospital? Rotundamente teño que dicir dende o Partido Galeguista que non porque a nós o que nos preocupa é atender do mellor xeito posible os intereses obxectivos dos cidadáns. Ogallá que se poidera facer isto con outros consensos, eu tamén invitaría á Sra. Alcaldesa a facelo do mellor xeito posible. Pero se nos colocan na tesitura de ter que votar, dende logo non nos pidan que paremos cousas, pídannos que apuremos cousas. A ver se algún día se lle ocorre a alguén facer folgas á xaponesa, a ver se algún día nos din que cómo votamos cousas para facer todo máis a présa. Con esoutras actitudes lamentablemente uns e outros non van contar connosco.

Sra. Alcaldesa, vostede coido que é consciente de que aquí ninguén é parvo, permítame esa expresión coloquial, e polo tanto todos sabemos do interese electoralista da súa proposición neste momento determinado; tamén ten unha responsabilidade política evidente e é que o debate que está habendo é porque vostedes traen isto neste momento circunstancial, puideron traer este tema noutro momento. O PP goberna na Xunta de Galiza e vostedes no Concello dende hai bastante e suficiente tempo como para que puideran traer este tema, estudialo, para que puideramos consensuar un anteprojecto de obxectivos.

Non querría entrar nese tema e éntrolle tanxencialmente, espero non lle dar desculpas de ningún tipo, que quede claro que votamos e imos votar en todo momento e hora que este hospital se faga o máis axiña posible.

Pero tamén lles quero dicir a todos que non o facemos alborozadamente, na nosa opinión non están vostedes respostando a unha organización sanitaria coma precisa o noso país. Gustaríanos máis estar aprobando 4 ou 5 hospitais

comarcais que un gran hospital central para Vigo, por exemplo e dígoo dende Vigo.

Estou dicindo claramente que eu discrepo rotundamente coa política de organización sanitaria que ten a Xunta de Galiza, dígollo clara e rotundamente. Pero dicindo todo iso ou dicindo claramente que discrepamos mesmo de cousas de fondo coma esta ¿quérese dicir que a nosa actitude ten que se acubillar en que pensamos outra cousa para impedir outra que non deixa de seren boa? De ningunha das maneiras.

Non sei se é posible gañar tempo pero quede vostede coa reflexión, Sra. Alcaldesa, ten anunciado o voto do Partido Galeguista a favor se vostede mantén o punto na orde do día, pero os que máis lle queren a Vigo fagan o favor de ceder por Vigo, déixense todos e cada un de vostedes de electoralismos baratos.

¿Quere vostede apurar? É posible sen votar isto hoxe, xúntenos a todos os habidos e por haber, que se gañe tempo no anteproxecto, consensuemos para que logo o tema vaia moito máis a présa e polo tanto o que podemos perder hoxe podémolo gañar logo, é posible. ¿Van vostedes acceder nesa dirección? Non o sei, alá vostedes, se o fan estupendo e se non o fan tamén.

Ós outros dareilles un consello parecido que seguramente non lles vai server nin a uns nin a outros porque xa veño eu coñecendo o seu empecinamento en cómo se amolar uns a outros e non en cómo tentar uns e outros facer políticas que obxectivamente beneficien ós cidadáns. Ós demais dígolles o mesmo, dende a comprensión da súa discrepancia dígolles que atendan ó interese social real e polo tanto que se a sra. Alcaldesa queda nas súas trece de manter o punto na orde do día que lle dean unha lección política pero non votando non, senón votando si.

De verdade que honestamente penso que é o que hai que facer nun e noutro caso.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Imos ver se de verdade somos quen de deixar as demagoxias para outro momento e máis cando estamos falando dalgo tan importante para esta cidade coma é un hospital.

Sra. Alcaldesa, aquí non se vai parar nada, ninguén quere que se pare absolutamente nada, pero coa responsabilidade que eu teño hoxe e coa que me dá representar ós vigueses e viguesas, tamén lle digo con toda claridade que prefiro que vostede mañá ou hoxe mesmo me estea acusando a min e ó BNG de querer parar a construción dun hospital, prefiro seren branco dun titular onde se diga que Santiago Domínguez e o BNG queren paralizar o

hospital, que non ter que saír dentro de 15 días, unha vez que isto xa está aprobado, criticando ese anteproxecto e o proxecto dese hospital e saír dicindo que iso non nos vale, se é que non nos vale evidentemente.

Fágolle unha proposta: non esperemos ó 27 de xuño, convoquemos un Pleno extraordinario para o 20 e traíamos aquí este punto, antes temos tempo para falar sobre cales son esas previsións porque nós escoitamos declaracións nos xornais e non sabemos qué tipo de hospital se precisa para Vigo, polo menos si o sabemos se o temos estudado e reflexionado porque non é incompatible, Sr. Soto, cos hospitais comarcais, isto é algo máis que iso. Polo tanto como queremos que sexa algo máis que iso, queremos que sexa realmente un centro hospitalario de referencia, modular, coma son os hospitais modernos, etc., preferimos que vostede nos acuse de querer parar por 15 días, mire o que lle estamos pedindo: 15 días. Convoquemos un Pleno extraordinario para o día 20, son 15 días para que precisamente con ese proxecto non pase coma pasou con proxectos anteriores e citei algún exemplo.

Iso é responsabilidade e repito que me dá igual, nós non imos facer electoralismo, danos igual que vostede mañá nos acuse de querer paralizar a obra, mesmo que iso nos poida custar votos, mire o que lle digo; dame exactamente igual porque hai que seren responsables e non hai que poñer a Vigo por debaixo duns intereses partidistas. Non estamos paralizando nada, nós imos votar a favor deste hospital pero queremos coñecer e reflexionar sobre o proxecto e queremos que dunha vez por todas os proxectos de Vigo saian consensuados e que vostede realmente sexa a Alcaldesa de Vigo e non do Partido Popular. Iso é o que queremos.

Non nos chame irresponsables cando vostede mesma na última Xerencia de Urbanismo admitiu que era un tema de foto e que había que aproveitar o momento. Están aí as actas e os periodistas e os medios de comunicación foron testemuñas, non o invento eu. Vostede mesma recoñeceu que había un interese de foto e que había que aproveitar o momento. Non sei se con estas verbas pero a idea foi isa e ademais hai luz e taquígrafos que o demostran. O único que lle pide o BNG é que exerza vostede coma Alcaldesa dos vigueses e das viguesas para que cando a Xunta teña que facer ese proxecto e cando se poña en marcha o hospital sexa o hospital que toda a Corporación queremos e para iso só lle pedimos 15 días. Un proxecto non se deixa de facer a finais de ano por 15 días, que quede ben claro isto.

Por iso tamén lles vou pedir un último favor polo ben desta Corporación. Nós non queremos fragmentar a Corporación, Sr. Soto, non queremos buscar

este momento para amolar de calquera xeito, non, Sr. Soto, non queremos amolar con este tema, queremos que se faga ben porque estamos falando dun hospital, algo moi importante para esta cidade.

Voulle pedir un último favor polo ben desta cidade: retire o punto da orde do día, retíreo vostede por iniciativa propia, demostre que por riba destes momentos electorais quere vostede levar un proxecto co maior consenso; retíreo vostede voluntariamente e deste xeito non terá que fraccionar á Corporación cunha votación.

O compromiso do Bloque Nacionalista Galego está presente e non o podo dicir máis alto e máis claro: imos apoiar este hospital porque, repito, xa no 2003 foi iniciativa nosa nesta Corporación. Votamos a favor na Xerencia da cesión dos terreos, non pode vostede pretender máis compromiso. Por 15 días non paramos nada, gañamos tempo nunha cuestión, gañamos tempo en que ese proxecto unha vez que saia consensuado e que non se utilice electoralmente vai avanzar moitísimo máis a présa e vostede sábeo. Nada máis.

SR. RUIZ CENICEROS: En todo caso coido que o que se está debatendo aquí é unha cuestión de momento e de forma, de cómo se está levando neste caso esa proposta de cesión.

A proposta de retirar este punto da orde do día ou no seu caso aplazalo do debate electoral hai que ter en conta que a efectos prácticos non lle afecta absolutamente nada ó proxecto porque estamos falando dunha posta a disposición digamos que virtual dende o momento de que depende aínda de que se aprobe o Plan Xeral, de que se redacte e se aprobe o Plan Parcial que desenvolva o ámbito de solo urbanizable, de que se xestione ese solo e se proceda ás permutas forzosas en virtude das que este Concello será propietario e terá ó seu dispor eses terreos. É dicir, estamos comprometéndonos a entregar gratuitamente uns terreos sobre os que ó día de hoxe non hai un pleno dominio e aínda queda un bo número de fases de tramitación administrativa para que o Concello poida dispor deses terreos. Entón dende un punto de vista real eses 20 días que pediu coma aplazamento o Sr. Domínguez non van afectar nada a esa futura construción dun cuarto hospital. Por iso, para evitaren precisamente a entrada deste proxecto nun debate electoral que non leva a ningures, apoiamos a proposta do Sr. Domínguez porque seguramente é o mellor para o proxecto e o mellor para que se libere destas polémicas en principio inútiles.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Ruíz, ten razón. As cousas cando se din así de claras as hai que recoñecer.

É certo que levar isto a un próximo Pleno non paralizaría absolutamente nada o proxecto pero hai algo que me preocupa desta historia, dicíao o Sr. Domínguez buscando segundo el un consenso: que cada vez que sae un tema importante en Vigo hai unha liorta. Desgraciadamente é así e desgraciadamente ó mellor outros aprovéitanse deste tipo de liortas e nós non lle queremos dar esa vantaxe a ninguén. Gustaríanos e eu sinceramente recomendaríalle á Sra. Alcaldesa que este punto non estivera na orde do día, é a súa vontade; se o retira para consensuar coma di o Sr. Domínguez Olveira mellor que mellor. Eu tamén llo pido e tamén llo recomendo.

Pídlle e recoméndolle formalmente, Sra. Alcaldesa, que retire este punto da orde do día para o tratar coa pausa mínima necesaria para falaren dos contidos dese proxecto e para que busque vostede que é a Alcaldesa de Vigo un diálogo coas autoridades sanitarias de Galiza e a Corporación para que, coa representación máis directa dos cidadáns, sen prexuízo de que a competencia é deles e naturalmente que respectándoa ó 100%, poidamos opinar para axudar a que o proxecto se faga do mellor xeito posible.

Nós opinamos así e pedimos iso, pero a seguer dígolles con absoluta responsabilidade que por nós non se vai dar o ruído de que en Vigo lle poñen chatas a calquera cousa que lles presenten e mesmo ó que eles piden. Se quere que llo diga doutro xeito: a proposta é electoralista, ¿e a súa de retirada non o é?

Pídlle encarecidamente que retire o tema, Sra. Alcaldesa, pero se non o fai continuo dicindo que imos votar a favor porque o que se vota aquí é unha cesión coa que estivemos, estamos e estaremos de acordo.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, non se pode ter un dobre discurso da necesidade por unha banda dese hospital e por outra de que é electoralista. ¿Por qué se vai parar, se vai retrasar un mes máis se sabemos todos desa necesidade? Non se pode crer que sexa electoralista para nós pero non para vostedes algo coma que lle teñen medo a unha foto.

Todos queremos un bo proxecto e que sexa o máis consensuado posible, pero tamén lle propoño outra cousa, propoño e comprométome a que diante do informe que poñan enriba da mesa os técnicos e os expertos traballemos e opinemos todos, eu fágolle esoutra proposta. Non imos perder tempo porque a Xunta de Galiza terá que licitar ese proxecto, non imos perder un día máis nesta cidade cos proxectos importantes.

Propóñolle que a partir do día seguinte ó de que nos presenten ese proxecto pedirille á Xunta de Galiza que nos deixen facer as nosas propostas nunha comisión que montemos, pero non retrasemos o proxecto nin un día máis. Eu fágolle esa proposta polo ben da cidade, polo ben de Vigo e todos sairemos nesa foto ó redor do proxecto. Non se trata de fotos, trátase de proxectos importantes para a cidade e esta cidade non se merece máis paróns.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Voulle dicir unha cousa: primeiro, a min nunca me gustou que os demais fagan interpretacións retortas, polo dicir así, do que eu estou dicindo.

O Bloque Nacionalista Galego non lle ten medo a ningunha foto, o Bloque Nacionalista Galego é unha formación política que o que ten son ideas para esta cidade e así as comunica e as plasma á cidadanía e a cidadanía é a que no seu momento vai valorar se as ideas que o BNG plasma son boas, malas ou regulares. Polo tanto non lle temos medo a ningunha foto.

Ademais se ese proxecto de cuarto hospital fose o proxecto que todos queremos e houbera consenso en torno a el, dígolle unha cousa: saia vostede soa que é a Alcaldesa desta cidade, nós non queremos saír nesa foto, o que queremos é que ese proxecto se faga coma hai que facer.

Vostede acaba de facer unha proposta e eu concretolla. O BNG apróballe hoxe a cesión dos terreos públicos, retira (valga a redundancia) a súa petición de retirada se vostede se compromete nesta Corporación a que antes de facer público absolutamente nada con relación ó cuarto hospital reúnenos, infórmanos e discutímolo. Se vostede se compromete a iso, a non facer público ningún anteprojecto, ningunha idea para este hospital ata que haxa consenso das forzas políticas, eu retiro a petición de retirada e votamos a favor deste punto.

A PRESIDENCIA: Eu comprométome a que se lles presente a vostedes ese proxecto primeiro, pero que se poida presentar publicamente vostede non o pode impedir.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Acaba de dar vostede a proba evidente de que vai utilizar este tema con tintes electoralistas, ¿qué urxencia ten vostede para o facer público?

A PRESIDENCIA: ¿Qué problema ten vostede en que se faga público que é a obriga da Xunta de Galiza facelo así?

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Porque non queremos discrepar publicamente deste proxecto.

Acaba de demostrarlle vostede á cidadanía que este é o proxecto electoralista que vostede quere vender. Se vostede se compromete a non facer público ningún anteprojecto ata que estea consensuado votámoslle a favor e coido que os demais Grupos tamén. Iso é a proba do que eu estaba dicindo.

SR. SOTO FERREIRO: Menos mal que neste punto da orde do día no fondo estamos todos de acordo.

Señoras e señores compañeiros de Corporación, Sra. Alcaldesa, unha primeira reflexión que vai para vostede ¿quen lle impide á Xunta de Galiza que se vostede deixa este punto pendente por 20 días, que polo que lle dixo o Sr. Ruíz non vai ter ningún tipo de prexuízo obxectivo e iso é certo e haino que recoñecer, quen lle impide á Xunta de Galiza se lle peta (se lle peta, alá ela porque nós non somos Xunta de Galiza e espero que vostede tampouco, espero que sexa máis Alcaldesa que Xunta de Galiza) facer público o proxecto que lle pete? Pregúntolle eu a vostede.

Aquí non temos feita a cesión pero ¿é que cambia algo substancial facendo unha cesión que non se pode materializar? A Xunta de Galiza que faga o que lle pete, Sra. Alcaldesa, e pare vostede de montar liortas nesta Corporación, perdoe que llo diga así de claro porque dun ou outro xeito ¿quen lles impide a vostedes facer iso se o queren facer? Eu estaría máis pola última intervención do Sr. Domínguez, que quede claro. Coido que obxectivamente o mellor sería reunírmonos, falar de obxectivos, que todo o mundo fosemos conscientemente no mesmo carro do proxecto que se quere facer e que iso fose cara adiante sen ningún tipo de liortas, pero mesmo se a vostedes politicamente non lles peta o facer así, non hai quen llo poida impedir.

Polo tanto o que si lle pido é que estea á altura das circunstancias e que sexa quen de lle dar unha saída o mellor posible a este tema nesta Corporación que é a que vostede preside, Sra. Alcaldesa.

Logo diso dicir que é certo que esta reflexión ten dúas caras, ten a mesma cara para os demais, é dicir, nós podemos deixar ou non pendente e ó día seguinte a Xunta de Galiza dicir que ten un anteprojecto para Vigo que nos pode gustar máis ou menos, pero dende logo a nós se nos gusta non imos ir con liortas ó día seguinte, que tamén quede claro por se acaso. Imos tentar

obxectivar, se temos algunha idea positiva achegarémola e se non calaremos, non meteremos o máis mínimo ruído sobre un hospital que, é certo, seguramente non me expresei ben eu antes, Sr. Domínguez, admítolle que independentemente de que eu falara do tema dos hospitais comarcais que coido que é un tema deficitario gravísimo na nosa sanidade, é certo que un hospital de referencia é tamén un ben necesario obxectivamente e por iso votaríamoslle a favor. Seguramente expliqueime mal e corrixo esa miña intervención anterior se así se me entendeu.

Pero dito isto, por favor, díxenllo antes de verdade e de corazón e digo sen demagogia que os que obxectivamente máis lle queiran a Vigo paren, por favor.

A PRESIDENCIA: Imos votar a retirada.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha cuestión, o Bloque Nacionalista Galego pide que se poña a votación a retirada e repito e fago o último intento: Se vostede se compromete agora a que non se vai presentar publicamente ese anteproxecto ata que todos esteamos de acordo o BNG non vai pedir a retirada. ¿Non se compromete a iso vostede?

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, pode entender que eu non son a voceira da Xunta de Galiza, eu son a responsable nesta Corporación de poñer nunha orde do día algo que coido que é fundamental para o desenvolvemento e futuro da cidade, das persoas e coido que é fundamental para a Xunta de Galiza dispoñer deses terreos para poder licitaren un proxecto.

Pola miña banda e pola miña responsabilidade non se vai paralizar absolutamente nada máis na cidade de Vigo, coincida na data que sexa.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Un momentíño porque coido que vostede non entendeu o que eu lle quero dicir, déixeme explicarllo, por favor.

O Sr. Soto ten absolutamente toda a razón cando dicía que a Xunta pode facer o que queira, pero vostede é a Alcaldesa desta cidade e eu o que lle estou pedindo a vostede, non á Xunta de Galiza, a vostede coma Alcaldesa desta cidade que se comprometa a non facer público ningún anteproxecto, coma Alcaldesa, ata que iso o poidamos falar entre os catro Grupos que formamos parte da Corporación; iso é o que lle estou pedindo. Eu estou nunha Corporación municipal e vostede representa a esta Corporación, xa sei

que non representa á Xunta pero se non se quere comprometer a iso pedimos a retirada, xa está.

A PRESIDENCIA: Entendino perfectamente e contesteille nesa dirección. Poñemos a votación da retirada. Retirada do punto 4 da orde do día que é a posta a disposición de terreos a favor da Xunta de Galiza para a construción dun cuarto hospital en Vigo.

Durante o transcurso do debate habido neste punto, se incorpora á sesión o concelleiro Sr. Alonso Vázquez.

VOTACIÓN DA PETICIÓN DE RETIRADA DESTE ASUNTO DA ORDE DO DÍA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Ponte, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, oito votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Polo Lima e a Presidencia, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro,

ACÓRDASE:

Retirar o presente expediente da orde do día.

5.- (107).-ESTABLECEMENTO DA XESTIÓN INDIRECTA MEDIANTE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA COMO A FORMA DE PRESENTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO. EXPTE. 11257/444.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Xúrolles que isto non ten nada que ver coas eleccións pero lles vou pedir que este punto quede pendente por cuestións técnicas.

Este servizo non foi debidamente cumprido, non se cumpríu o prego de condicións anterior que se fixo no seu día, xa sei que este é o novo concurso pero temos dúbidas sobre o seu contido.

Neste caso si que convirán comigo que como non hai temas electorais, nin contraelectorais de ningún tipo non sería en ningún sentido un prexuízo que

quede para o próximo Pleno. Pídolles que poidamos estudar máis de vagar o contido deste tema.

A PRESIDENCIA: ¿Quere intervir algún outro Grupo? ¿Estamos todos de acordo? Non temos ningún problema.

A Presidencia retira o presente expediente da orde do día non sendo sometido a votación.

6.- (108).-DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL EN RELACIÓN CO CAMIÑO DE A CACHADIÑA. EXPTE. 17013/240

ANTECEDENTES.- Con Data 26 de abril de 2005, o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

"1.- D. Ramón Barreiro Carrera e outros representantes da Comisión "A Cachadiña", en escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 30.06.2004, solicitan a inclusión do Camiño A Cachadiña no Inventario municipal de viais.

2.- Pasado o expediente a informe da Oficina do Inventario Municipal, infórmase, en data 13 de outubro de 2004, que segundo os datos obrantes na dita oficina *"no listado de características técnicas e plan de cartografía oficial Epígrafe-I: Viais Públicos, aprobado no acordo plenario de data 4 de maio de 1993, non consta como público o vial Camiño A Cachadiña en Candeán"*.

3.- O arquitecto municipal de Patrimonio en data 30 de decembro de 2004 informa que *"se trata dunha pista de monte sen ningún tipo de servizo urbanístico"*.

4.- Remitido o expediente ó Departamento de Montes, Parques e Xardíns, o enxeñeiro de Montes en data 30 de marzo de 2005 informa que *"o camiño de referencia, é unha pista forestal que no seu tramo inferior linda en ámbalas dúas marxes con montes particulares e no seu tramo medio e superior discorre a través de monte veciñal en man común da parroquia de Candeán"*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Consonte o disposto no art. 79.3 da Lei 7/85 de BRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/97 da LALG e 3 do RD 1372/86 BEL, como bens de titulariedade municipal de dominio público afectos a un uso público, os

S.Ordinaria 30.05.07

camiños, estradas, prazas, rúas, paseos, parques e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local. Á vista dos informes emitidos e referenciados nos antecedentes, non se observa a concorrencia de circunstancias que determinen a condición de vía pública do tramo proposto polos solicitantes e conseguintemente a necesidade da revisión e rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos no epígrafe 1 de Vías Públicas no que respecta á inclusión interesada.

II.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de rectificación do Inventario municipal o Pleno municipal de acordo co artigo 34 do RD 1372/86 RBEL."

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de maio de 2005, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: O camiño chámase da Cachadiña. A miña intervención é porque posiblemente os veciños que fixeron a recollida de sinaturas, por non empregar un sistema digamos que adecuado administrativamente vaise producir o que en bo criterio os técnicos aconséllannos. Coido que é correcto pero si me gustaría que se é posible se busque unha proposta cun novo expediente que poida permitir con este acceso o fin que se persigue que é realmente que se faga un cortalumes cara un monte e cara unhas propiedades.

Pasa que o expresaron tan mal, fixeron unha recollida de sinaturas de calquera xeito e ó final tráese un expediente que non permite máis que contestar negativamente, pero eu o que quero é deixar constancia en acta é que o fin que se persegue é un fin público e louvable por parte dos veciños que están dispostos a ceder un terreo cousa que non se reflicte na súa petición porque realmente din que se faga un camiño público cando eles non ceden os terreos. Iso nada máis, non quero que se retire, só que se faga constar e que os técnicos se poidan dar unha solución cando lles contesten e ademais dicíndolles que o procedemento que empregaron non é o axeitado.

SR. FIGUEROA VILA: Nós tamén estamos de acordo no fondo do tema pero a forma non é a axeitada e tería que volver iniciarse o expediente, pero tamén que conste en acta que se o montasen ben e fixeran unha proposta correcta, no fondo estaríamos de acordo co que di o Sr. Fernández.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Coello Bufill e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a solicitude de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos do camiño de A Cachadiña, en Candeán, interesado por D. Ramón Barreiro Carrera e outros representantes da Comisión "A Cachadiña", ó non se apreciar ningún erro no devandito Inventario do que puidera derivarse a procedencia da súa rectificación.

7.- (109).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PG SOBRE A REMODELACIÓN DA AV. DE MADRID.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 4 de maio de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"A Avda. de Madrid soporta tódolos días colas e atascamentos impresentábeis que, amais de desesperar a milleiros de conductores cada día, significan perdas obxectivas pra moitos empresarios polas deficientísimas comunicacións que unha vía tan neurálxica supón con boa parte da nosa Área Metropolitana, coa provincia de Ourense, coa Meseta e máis con Portugal. Xa que logo, coidamos que unha remodelación desa Avenida, responsabilidade do Ministerio de Fomento, é de extremada urxencia.

Somos conscientes de que a solución de futuro é construír unha nova autovía entre Vigo e Porriño pero, amais de que esta obra tardará máis do que podemos esperar, non será suficiente con catro carrís como contemplará o PXOM. Outra cousa sería se se puidesen facer tres carrís por sentido máis as correspondentes vías de servizo, cousa moi difícil de realizar a través da cidade de Vigo.

Cumprirá pois deseñar a remodelación urbanística da Avenida de Madrid, consonte coa proposición que logo facemos, de xeito que entre outros usos manteña o seu carácter de vía de penetración e saída da cidade, pra que no seu día lle sirva de complemento á nova autovía a construír.

Coidamos que precisamos, e xa, aumentar un carril por sentido e máis tarde, cando se urbanicen os laterais, dotala de novas vías de servizo, paralelas, pra absorber os tráfico locais.

Con independencia de que na Avenida se fagan tódalas remodelacións de tráfico que se consideren oportunas, e ademais de lle aumentar un carril

máis por sentido como se dixo máis enriba, é preciso un gran nó con movementos en tódalas direccións na zona do Seminario, de xeito que impida os cruzamentos a nivel da rúa do Gandarón coa propia Avenida e o Camiño da Raposeira, así como entre a Estrada Vella de Madrid, a Avenida e a Estrada de Lameiro.

Tamén sería necesario que, dentro do novo deseño da Avenida, se constrúa un novo nó de comunicacións co chamado primeiro cinto, de xeito que permita movementos en tódalas direccións.

Por último dicir que na amentada zona do Seminario, cumprirá deixar debidamente contemplados os enlaces oportunos coa Rolda de Vigo, xa que segundo as previsións do PXOM en trámite atravesará a Avda. de Madrid nese mesmo punto.

Ese nó debe ser tratado con absoluta prioridade sobre o resto da obra de remodelación, pois os cruzamentos antes indicados na superficie desa zona, son os que están a provocar a meirande parte dos atascamentos diarios. Sobre todo na saída de Vigo.

Dicir pra rematar que na nosa opinión a posta en funcionamento do segundo cinto paliará algo o problema, pero non o resolverá en modo ningún.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Que o Ministerio de Fomento redacte, coa máxima urxencia, un proxecto de remodelación da Avda. de Madrid, dende a Praza de España ata superar o cruzamento que haberá entre dita Avenida e a futura Rolda de Vigo.

2.- Que de seguido proceda a consignar as cantidades oportunas pra poder materializar a obra de xeito inmediato, dándolle prioridade á construción do nó que precisamos á altura do Seminario."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 23 de maio de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Quen pase pola avenida de Madrid segundo a qué horas contemplará un extraordinario caos de tráfico, é un dos sitios de maior caos de tráfico de Vigo pois ás 8,30 a saída de Vigo está absolutamente colapsada. Insisto en que coido que todos coñecen ese problema obxectivamente.

Hai unha marca chegando á Praza de España que di quilómetro 0, e iso quere dicir que estamos diante dunha estrada das chamadas nacionais, independentemente do concepto de nación que teñamos uns e outros, pero quere dicir que é unha estrada estatal, que é do Estado Español e entón competencia do Ministerio de Fomento. Mesmo sendo certo que hoxendía parte desa avenida, concretamente o tramo entre ese quilómetro 0, a Praza de España e o Seminario ten connotacións urbanas, a competencia é de quen é e

polo tanto ata que non a transfira ten a obriga moral, ademais de legal naturalmente, de atender ó seu coidado. Insisto en que a paralización de tráfico é a cotío e segundo que horas ás veces para entrar ou outras para saír de Vigo.

Que o Ministerio de Fomento manteña a actitude de non facer nada, porque eu coido que non fai absolutamente nada con respecto a esta avenida, seméllanos un tema de maltrato, un dos moitos que sofre Vigo, por iso nós pedímoslles sen máis ambaxes nesta moción que o Ministerio redacte coa maior urxencia un proxecto de remodelación da avenida de Madrid.

Dicimos tamén cara ó futuro que mesmo nós, que fomos quen pedimos insistentemente que se incluíse no Plan Xeral unha nova traza dunha autovía Vigo-0 Porriño, independentemente de que tamén estamos a favor de que no seu día se urbanice a actual avenida de Madrid para que teña connotacións máis urbanas das que ten, dígolles a todos que na nosa opinión tería que ser independentemente do trazado actual desaa avenida. É dicir, se hai que facer (que se debe) urbanizacións futuras de vivendas nos laterais da avenida de Madrid terían que se lles facer as estradas correspondentes para permitir que o centro de Vigo teña no seu día alomenos dous accesos, senón pasaríamos dos paróns do tráfico na avenida de Madrid ós paróns de tráfico na nova autovía, estaríamos na mesma historia.

Polo tanto Fomento non pode de ningún dos xeitos escusarse do cumprimento de que isto seguirá sendo un acceso de Vigo, independentemente da urbanización que se poida e na nosa opinión se deba facer nun futuro, compartimos o criterio do Plan Xeral.

Polo tanto pedimos que o máis axiña posible o Ministerio de Fomento proceda a un proxecto de remodelación que ademais inclua un paso soterrado e unha confluencia de tráfico na zona do Seminario que é un dos lugares onde realmente se atranca o tráfico decote ben para entrar, ben para saír de Vigo.

Esa é a petición fundamental desa proposta que lles facemos, señoras e señores, compañeiros de Corporación.

SR. IGLESIAS CARRERA: Sr. Soto, os datos que obran no meu poder indican que a Demarcación de Estradas do Estado na Coruña informou favorablemente sobre a transferencia dese quilómetro dende o Seminario ata a Praza de España. Por outra banda tamén informou favorablemente sobre a transferencia da avenida do Aeroporto e fixo algunhas melloras no resto do traxecto da autovía Vigo-0 Porriño. Tamén é certo que hai uns meses pedimos seren

recibidos na Dirección Xeral de Estradas en Madrid pero logo houbo algún cambio político en Fomento e estamos á espera de que se organicen para tentar novamente ir negociar iso a Madrid.

SR. SOTO FERREIRO: A min se se pretende transferir no seu día o tramo entre Seminario e Praza de España ó Concello non sería para nada contrario, pero dende logo que se nos entregue cando se faga a remodelación que cómpre facer ou se queren que nos dean os cartos para facer esas cousas que non fai ninguén, para facer esa remodelación.

Eu coido posible unha transferencia sempre e cando se nos dea debidamente urbanizado. Hoxe tal e como está iso é un regalo envenenado que non lle admitiría a ninguén, se me queren transferir iso eu non o admito a ningún Ministerio, así de claro, e coido que esa debera ser a súa actitude.

SR. IGLESIAS CARRERA: Hai unha valoración económica que de momento non quero expresar publicamente pero coido que valería tanto para que fixeran eles o proxecto ou nós, coma mellor nos pete.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira, Domínguez Olveira, Figuera Vila, e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezanove membros presentes da Corproación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa á remodelación da Avenida de Madrid, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (110).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PG SOBRE ESTABLECER OUTRA QUENDA NO POSTO DE INSPECCIÓN FRONTEIRIZA (PIF) NO PORTO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de maio de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Vigo é un dos primeirísimos portos de descarga de peixe do mundo e, dende logo, o primeiro porto de descarga en pesca conxelada de España.

No ano 2004 descargáronse no porto de Vigo 200.000 contedores e o Posto de Inspección Fronteiriza (PIF) fixo 12.000 inspeccións (moitas máis das que antes se facían). O 95% delas realizáronse por Sanidade Exterior.

No ano 2004 descargáronse no porto de Barcelona 2.000.000 de contedores e o PIF fixo 3.000 inspeccións. No de Valencia descargáronse 1.900 contedores, e fixéronlle 10.000 inspeccións. ¿Por qué esa desproporción de inspeccións en Vigo respecto doutros portos?

En todo caso e pra dar un servizo digno, en Barcelona e Valencia teñen dúas quendas no PIF, unha pola mañá e outra pola tarde, namentres que o de Vigo soamente ten unha quenda de mañá polo que, o estaren detidos os contedores perante demasiado tempo, soben os custos das empresas o que lles acarrega grandes perdas económicas. Téñase en conta que unha semana de atraso supón, por cada contedor, máis de 3.000 euros.

Hai empresarios que comezan a pensar en descargaren noutros portos nos que lles dean servizos axeitados. ¿Acaso se pretende prexudicar deliberadamente ó porto de Vigo? ¿Por quen e por qué?

Consonte co antedito propoñemos:

Que o Goberno de España poña outra quenda de inspección pola tarde pra o porto Vigo."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 23 de maio de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: No ano 2004 no Porto de Vigo descargáronse 200.000 touns ou colectores. O PIF, o posto fronteirizo, fixo aproximadamente 12.000 inspeccións das que aproximadamente o 95% foron de Sanidade Exterior porque aquí en Vigo se descarga sobre todo peixe conxelado, algo de fresco e conservas.

Hai varias, pero normalmente as inspeccións que hai son de Sanidade Exterior, de consumo humano (das que máis hai en Vigo), de sanidade vexetal, de sanidade animal, SOIVRE que é unha inspección basicamente de calidade da mercadoría.

En Barcelona no ano 2004 descargáronse aproximadamente dous millóns de colectores. As inspeccións que se fixeron en Barcelona foron 3.000. Por teren outra referencia similar: en Valencia descargáronse mil oitocentos setenta e tantos colectores e fixéronse aínda non 10.000 inspeccións. Entón curiosamente isto está pasando dende hai un ano para acá porque antes as inspeccións eran similares.

O dato curioso que hai aquí é que di "posto de inspección". Inspección é para inspeccionar e Vigo só ten unha quenda de inspección cando Barcelona e Valencia teñen dúas, unha pola mañá e outra pola tarde.

A min cónstame que a Autoridade Portuaria fixo durante todo este tempo moitas xestións para que se lle poñan dúas quendas de control ou inspección pero non se lle fai caso ningún.

Lamentablemente esta é unha nova discriminación por parte do Goberno central cara ó Porto de Vigo e está prexudicando a todo o mundo que quere descargar en Vigo que tenta xa de se ir a outros portos porque cada semana que un colector pode estar almacenado esperando a que o recolla o destinatario está custando máis de medio millón das antigas pesetas.

Polo tanto nós o que pedimos dende aquí é que o Goberno de España poña outra quenda de inspección pola tarde que é pedir nin máis nin menos que o que ten todo o mundo.

Aproveitar esta moción para dicir tamén que hai uns meses, coma todos saben, presentamos aquí unha moción sobre o tema dos cítricos e logo das xestións que me consta que se fixeron por esta Alcaldía este ano xa volveron entrar os cítricos. O que si é lamentable é que os temas portuarios os teñamos que arranxar dende o Concello, pero se non hai outro xeito e o Goberno de España non nos atende doutra forma teremos que o arranxar así. Gracias.

SR. IGLESIAS CARRERA: Estou plenamente de acordo coa moción do Sr. Alonso porque é unha cuestión de ámbito practicamente mundial a petición de axiliación de todos os trámites portuarios e non só iso, senón tamén que se facilite rapidamente que Vigo entre formar parte do que xa dixemos no último Seminario sobre as autopistas do mar. Teñen que ser moito máis áxiles os traballos no porto así que coido que debemos votar todos a favor.

(No momento da votación estáa ausente o Sr. Arias Moreira).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corproación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, para solicitar do Goberno de España outra quenda no posto de inspección fronteiriza no Porto de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (111).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE BNG SOBRE CUMPRIMENTO DO CONVENIO DE CANCELACIÓN DA DÉBEDA CONCELLO-AUTORIDADE PORTUARIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 29 de abril de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"Durante o pasado mandato asinouse un convenio (20 de novembro de 2001), que puña fin á falta de entendemento entre o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria polas taxas do servizo de abastecemento e saneamento de augas desde o 1 de setembro, dito acordo laboriosamente acadado fixa un prazo máximo de catro anos para o seu cumprimento, que rematará polo tanto o 20 de novembro de 2005.

Coidamos necesario por isto que o cumprimento do convenio se faga integramente non só na letra, senon no fin, que de xeito resumido contempla mellorar a relación Porto-Cidade, mellora das concesións a favor da Administración Municipal, facilitar pagos pendentes entre Administracións e o que para todos faise imprescindible: mellorar e anular os verquidos á Ría.

Por todo o exposto e sendo o 2005 un ano moi importante para Vigo e o seu Porto polo acontecemento previsto coa partida dende o noso porto da Volvo Ocean Race, é polo que fago a proposta do seguinte

- 1.- Que os técnicos municipais e da Autoridade Portuaria comprobem o cumprimento do acordado no convenio asinado no ano 2001.
- 2.- Que a cláusula sétima sexa prioritaria e cumprida, "durante o prazo de vixencia do convenio, a Autoridade Portuaria comprométese a adecuar as redes interiores (abastecemento e saneamento) ás prescricións técnicas contidas no Regulamento do Servizo, así como ás incluídas na normativa de ámbito estatal autonómico, que resulten de aplicación".
- 3.- Que dende o Concello se facilite ao máximo o cumprimento da cláusula sétima por parte da actual concesionaria do servizo."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: A exposición de motivos desta moción é clara. Dentro do bo diálogo que ten que haber entre o Concello e a Autoridade Portuaria e a axuda mutua que nos temos que prestar, tamén está o cumprimento por ambas partes dos compromisos que se adquiren. Se na pasada lexislatura se asinou un convenio para quitar toda aquela liorta que

había onde o Concello era case sempre o malo e a Autoridade Portuaria facía un pouco o papel de vítima do empurre da nosa cidade, se nesa lexislatura demostramos algo foi que houbo un bo acordo ou polo menos un bo traballo feito en conxunto para permitir que esta cidade hoxe disfrute da mellor infraestrutura que se fixo alomenos nos últimos 5 anos coma é o túnel, que se permitiu meter por dentro do Porto sen ningún dano para este, senón que facilitando, coido que moito e ben, o traballo de transporte e axilizándoo en todo momento.

Vendo que os prazos se cumpren, que este ano remata ese convenio onde se adquiren compromisos por ambas partes, coido que o Concello foi pero que moi xeneroso nese convenio, pero hai un apartado que a min me preocupa. Nestes momentos eu non teño constancia de que a Autoridade Portuaria cumprira o que asinou e isto é que dalgún xeito ten que cumprir a normativa medioambiental en todos os termos que a lexislación tanto estatal coma autonómica ou municipal contempla.

A petición de acordo que facemos é que os técnicos municipais e a Autoridade Portuaria comproben o cumprimento do acordado no convenio asinado no ano 2001. Que a cláusula sétima sexa prioritaria e cumprida durante os prazos de vixencia do convenio: "A Autoridade Portuaria comprométese a axeitar as redes interiores, abastecemento e saneamento, ás prescricións técnicas contidas no regulamento de servizo, así coma ás incluídas na normativa de ámbito estatal e autonómico que resulte de aplicación.

Que dende o Concello se facilite o maior cumprimento da cláusula sétima por parte da actual concesionaria do servizo. Isto é importante porque moitas veces o Concello é responsable dunha mala harmonía cando hai unha concesionaria polo medio. Por iso coido que aquí a parte política si que ten que estaren vixilante para facilitar que un cumprimento tan necesario se faga.

Coido que se ven a Volvo Ocean Race, que se vertan fecais directamente por distintas instalacións do Porto non dá unha boa imaxe, a imaxe de estar limpo ten que ser tanto por fóra coma por dentro.

Lémbrolles que o prazo se está esgotando e por iso pedimos isto. Moitas gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Moi brevemente para dicir que coincidimos plenamente co que formula o Sr. Fernández.

É certo que se fixo un repaso entre os técnicos municipais e os do Porto sobre este convenio que consta de nove ou dez apartados e hai un que nos ten que preocupar a todos e no que incide o Sr. Fernández: a cláusula sétima que é certo que seguramente vai con retraso.

Tamén nos están dicindo que están facendo un estudo e imos esperar unhas semanas porque o convenio remata en novembro, pero o que é importante é que dende este Pleno se lles comunique a decisión da Corporación para que axilicen o estudo e o poñan enriba da mesa para concretar xa porque o demais está bastante avanzado e coido que cumprido nunha porcentaxe bastante elevada.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, relativa ó cumprimento do convenio de cancelación da débeda Concello-Autoridade Portuaria, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (112).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE ILUMINACIÓN ROTONDA CAMIÑO DO PORTAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 9 de maio de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

"A Corporación anterior procedera á iluminación das rotondas situadas no vial de acceso á Universidade, así como o tramo entre a Avd. de Castrelos e os camiños de Pousa e Nogueira, pois o incremento do tráfico así como a proximidade de varios colexios públicos aconsellábano.

Pasado o tempo, procédese á remodelación da rotonda de Prado, na confluencia do camiño do Portal e o vial de acceso á Universidade, por mor das obras para a dotación de accesos ao Parque Tecnolóxico e Loxístico de Beade-Valladares, dotándoo dunha iluminación acorde á nova realidade. Mais, pasados xa varios meses dende que se remataron as obras, a rotonda segue sen iluminar, xerando incidencias na circulación e situacións de perigo.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

Que o Goberno Municipal proceda de inmediato a dar a orde de conxionado da iluminación na rotonda de Prado-Valladares, situada na confluencia da Estrada do Portal e o vial de acceso á Universidade."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 23 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Coido que todos coincidimos en que o vial de acceso á Universidade estase a converter nun dos viais máis importantes deste Concello, xa non só polo tráfico interno da cidade que se xera cara á Universidade, senón porque tamén se está utilizando coma vial de acceso a carón do Val Miñor e mesmo tamén coma unha rota alternativa cara Tui e cara á fronteira.

Conscientes desta importancia, xa no seu momento a Corporación anterior procedera á iluminación de todas as rotondas e mesmo dalgúns tramos onde había máis perigo porque había unha proximidade de colexios públicos, por poñer algún caso.

Hai pouco procedeuse á remodelación das rotondas, en concreto desta de Prado, entroutras cousas porque así o aconsellaba o proxecto e o acceso ó parque tecnolóxico e loxístico.

Esta rotonda leva aproximadamente uns tres ou catro meses perfectamente rematada e sen embargo segue sen se alumear. É curioso porque nestes momentos o único acceso que ten o parque tecnolóxico é precisamente a través desta rotonda xerando un intenso tráfico, á parte do cotiá que se produce no propia vial coma tal e, produto das obras que supoño que todos vostedes coñecerán, nestes momentos teñen unha intensidade moi grande xérase un tráfico pesado a maiores.

Hai problemas de visibilidade dadas as propias características do vial, sobre todo no sentido descendente xa que coma norma xeral todo o mundo tende a correr máis do debido e xa se produciu algún ca outro accidente aínda que ata agora non xerou ningún tipo de problema.

O único que pedimos é que se alumee esta rotonda porque entroutras cousas podemos eliminar parte do perigo que se está xerando.

SR. IGLESIAS CARRERA: Estou totalmente de acordo, Sr. Viéitez. Hai problemas de abastecemento enerxético pero en todo caso estamos para o facer en breves días.

En relación coa súa moción, eu diríalle que quizais deberíamos facer unha reflexión sobre todas as rotondas desa grande vía que nos leva á

Universidade e ó Val Miñor porque coido que as habería que ampliar xa que ese vial ten unha pendente dun 8%.

O proxecto dese vial naceu sen esas rotondas que logo se engadiron nun reformado pero coido que quedaron insuficientes xa que a xente baixa a moita velocidade. Hai que limitar máis a velocidade e posiblemente ampliar as rotondas ou senón reconsideralas e facer falsas rotondas para poñer freo á velocidade. Estamos moi preocupados con ese vial.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Alonso Vázquez e Ruiz Ceniceros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, instando a reposición da iluminación na rotonda do camiño do Portal e vial de acceso á Universidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (113).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE ACTUACIÓNS NO CAMIÑO DA FONTE SANTA

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 9 de maio de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

"Despois de falar con algunhas das persoas que viven no camiño de Fonte Santa, na parroquia de Castrelos, mostran o seu malestar pois ata o de agora ninguén lles explicou as razóns de porqué unhas obras que se iniciaron hai mes e medio para dotalos do colector de saneamento levan paralizadas máis de dúas semanas, co inconveniente de que agora o camiño que usan de acceso ás súas vivendas está inutilizado e teñen dificultades de paso.

Cando menos estes veciños e veciñas teñen o dereito a saber cales son as razóns da paralización das obras e, en todo caso e por parte do Goberno Municipal, verificar cales son as causas reais desta e tomar as medidas necesarias para que dunha vez por todas rematen as obras, se conecten os colectores ás vivendas e repoñan o firme para evitar a prolongación das molestas innecesarias.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

1.- Que o Goberno Municipal proceda de inmediato a dar a orde de remate das obras de dotación de colector ás vivendas do camiño de Fonte Santa e a conexión destas ao mesmo.

2.- Que se aproveiten as obras de dotación do colector para mellorar este vial e reducir o impacto das augas pluviais cando chove.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 23 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Por mor das obras de saneamento nunha parte da parroquia de Castrelos no caso concreto do Camiño da Fontesanta, produciuse unha paralización e sinceiramente nin nós, nin os propios veciños coñecemos as razóns.

Teñan en conta que cando nós presentamos esta moción con entrada no Rexistro Xeral do 9 de maio, xa levaban paralizadas as obras aproximadamente unhas tres semanas e hai que ter en conta que se iniciaran aproximadamente un mes e medio ou dous meses antes.

Hai malestar por parte dos veciños porque sinceiramente non entenden a qué se debe a paralización destas obras que a eles lles impiden o acceso de xeito normalizado a todas as vivendas.

O único que pedimos é que se realicen esas obras xa que non hai problema de investimentos nin nada polo estilo, senón que aínda hoxe non coñecemos a razón de porqué están paralizadas.

Tamén aproveitando esas obras non custaría absolutamente nada que se resolvera o problema das pluviais porque cando hai importantes choivas prodúcense problemas de entrada de auga ás vivendas por seren un camiño con moitísima pendente.

SR. IGLESIAS CARRERA: Se non falo mal penso que iso debe estar en vías de solución se non xa resolto.

Aí houbo unha paralización porque se quería pasar o saneamento por debaixo do vial da urbanización e entre problemas do propietario e problemas por mor de que o colector vai perto de 10 metros de profundidade, optaron por ir pola marxe esquerda do vial que vai ata a ponte do Pontillón e conectar co colector do Lagares.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Decía que en todo caso é unha mellora sobre o saneamento porque estas persoas xa estaban servidas. Coido que non custa

nada cando menos explicar as razóns de porqué se paraliza porque xera un malestar mesmo moitas veces innecesario, ás veces hai inconvenientes nunha obra cos que non se contaba ó principio, pero coido que non custa nada dar as razóns de porqué se paralizan as obras, outra cousa é que logo gusten ou non pero polo menos ese exercizo se debe facer dende o Concello.

As obras non están aínda rematadas porque mesmo hoxe pola mañá pasei por alí e sei que se activaron o luns da semana pasada, iso é certo, coido que productivo da moción, pero están aínda sen realizar, practicamente están coma estaban.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Domínguez Olveira, Pérez Mariño e Ruiz Ceniceros e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezanove membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, instando o remate das obras no Camiño da Fonte Santa, na parroquia de Castrelos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (114).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, INSTANDO Á NEGOCIACIÓN COA XUNTA DE GALIZA PARA A XESTIÓN DOS COMEDORES ESCOLARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de maio de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

“Como xa saberán, o noso grupo puxo en marcha no seu día nos centros públicos de Vigo os comedores escolares. Esta decisión supuxo un grande avance e apoio ao ensino público, con carencias importantes logo de anos sufrindo políticas de desmantelamento de servizos básicos (comedores, transporte para actividades extraescolares etc.), indisponibles hoxe en día nunha sociedade na que se produciron grandes cambios, entre os que destacan os diferentes tipos de familias así como os derivados da incorporación das mulleres ao traballo remunerado. Desde a administración hai que dar respostas acoidas a estes cambios, e os comedores escolares son parte destas respostas

O feito de que esta problemática se abordara e resolvera desde o concello, debeuse á demanda da comunidade escolar e ao desinterese da Consellería de

Educación polo tema, polo que houbo que optar polo sistema hoxe existente no que a xestión depende das ANPAS. Isto, representa un claro síntoma da despreocupación e desinterese do actual goberno da Xunta de Galiza polo ensino público e polo nivel de benestar dos seus usuarios. A xestión dun servizo tan importante, necesario e demandado non pode deixarse á boa vontade de ANPAS (a quen desde aquí temos que lle recoñecer o esforzo e dedicación realizada de xeito desinteresado).

A falla de compromiso do actual goberno da Xunta de Galiza na xestión deste servizo carrega consecuencias negativas entre as que podó salientar as seguintes:

- descoordinación entre o alumnado becado por benestar social e o listado que manexan as ANPAS.
- Problemas de disciplina aos que non se pode dar fácil resposta.
- Problemas derivados da responsabilidade civil en caso de accidentes do alumnado durante ese tempo.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Iniciar un proceso negociador entre a Consellería de Educación e o Concello dirixido a conseguir de cara o próximo curso escolar, que a Consellería de Educación, a través da dirección dos centros educativos, se faga cargo da xestión dos comedores escolares."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 23 de maio, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Coido que todos estamos de acordo na importancia que hoxe teñen os comedores escolares nos centros de ensino e penso así porque os comedores escolares constitúen un servizo básico dentro de todos os que podemos adoptar para acadar a necesaria conciliación laboral e familiar.

De todos os xeitos e malia a súa importancia no seu día foi o noso Grupo quen dende o Concello tivo que poñer en marcha estes comedores de ensino debido ó desinterese da Consellería de Educación polo tema e fíxose contando coa colaboración inestimábel da Federación de ANPAS de Vigo que, aínda que semelle algo insólito, é quen ten ó seu cargo a xestión destes comedores.

O feito de que as ANPAS teñan que cargar coa xestión e o seguimento dos comedores fai que exista descoordinación entre o alumnado becado por exemplo de Benestar Social e o listado que eles manexan; fai que os problemas de disciplina que se poden producir e que é lóxico que se produzan porque estamos falando de 35 centros de ensino, non teñan unha resposta acaída porque está completamente desconectado do labor educativo

dos docentes; fai que os problemas derivados da responsabilidade civil cando este alumnado ten algún accidente non estea cuberto por ningún seguro nin pola Xunta xa que os seguros dos "cáterings" só cubren aqueles problemas derivados da alimentación. Polo tanto tamén fai que se produzan os problemas e complicacións que teñen as ANPAS derivados da xestión económica.

Por todo iso coidamos que hai que seguir avanzando e parécenos indispensable que se faga unha negociación coa Consellería de Educación para que a xestión dos comedores escolares, todo o relativo a listados pagos, etc., se faga a través da Consellería de Educación e das direccións dos centros educativos.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Estando de acordo co espírito fundamental da moción eu queredría expoñer que en efecto a Federación de ANPAS e as ANPAS particulares deses 35 colexios están a facer un labor extraordinario neses centros, coido que iso tamén dá autoridade ás ANPAS á hora de que se conte con elas para moitas máis cousas nos centros educativos. Para min é unha preocupación que se deixe de contar coa Federación e coas ANPAS en múltiples aspectos da xestión educativa e do funcionamento dos colexios co que quero sulñar primeiramente o importante papel que están a facer as ANPAS e que dalgún xeito terán que seguir facendo, porque hai un aspecto desa xestión no que as ANPAS terán que xogar un papel fundamental, como é por exemplo á primeira hora da mañá todos os días informar das baixas dos alumnos apuntados para ese comedor escolar, o que supón un aforro moi considerable á hora de facer un menor número de menús; iso é absolutamente imprescindible. Hai aspectos da xestión nos que o seu papel ten que ser crucial.

É obvio que o que non pode ser é que o fagan todo. É certo que en moitos destes trinta e cinco centros xa a Dirección de centros educativos, os equipos directivos, participan dun xeito activo comprometéndose en aspectos importantes da xestión, fundamentalmente nos que hai máis problemas, coma apuntaba a Sra. Martíns.

Pero coido que o importante é que debería debaterse a fondo o tema do maior compromiso de todos os órganos, de todas as administracións e dos sectores educativos á hora de facer que funcionen o mellor posible. Penso que no Consello Escolar Municipal onde están representadas a administración educativa, a través da Inspección da Consellería de Educación, está representado o Concello de Vigo e presidido polo Concelleiro de Educación,

onde están representados os equipos directivos, os profesores, por suposto as ANPAS, é dicir, todos os sectores educativos, sería importante que debatan este tema e tenten implicar a toda a comunidade educativa para que o funcionamento sexa o mellor posible.

É dicir, apoiando a exposición da moción, coido que sen facer o traballo imprescindible de base nos centros e que todos os sectores, incluídas e de xeito fundamental todas as direccións dos centros educativos, xoguen un papel de maior compromiso con este tema e hai algún outro xeito a través tamén da Mesa de Directores mesmo sen profundizar nese traballo de xeito que a proposta para a Consellería de Educación estea moito máis clara e resulte moito máis nidia, coido que non estaríamos cumprindo todos os obxectivos que esta moción pretende.

Por iso pediríalle ó Concelleiro de Educación e a este Pleno da Corporación que inclua esa convocatoria, ese punto nunha próxima orde do día do Consello Escolar Municipal para que se faga este traballo que coido que é imprescindible.

SR. SOTO FERREIRO: A proposta da Sra. Martíns é moi clara, a súa exposición, Sr. Calviño, confeso que me pareceu algo difusa e non digo confusa.

Nós apoiamos rotundamente a moción da Sra. Martíns, primeiro punto. Segundo punto, se vostede o que quere dicir, e dígoo para o querer entender, é que iso se ten que facer coa participación maior posible de todos os sectores pero que non menoscabe en ningún caso a responsabilidade da Consellería de Educación da Xunta de Galiza, estaremos encantados e espero que ós demais compañeiros da Corporación lles pase tamén.

Quero pedirlle que deixe claro se vostede apoia o fondo da moción ou se vostede apoiándose nunha suposta real participación de todos os sectores implicados, realmente iso poida significar algún tipo de deixación de responsabilidades da Consellería de Educación da Xunta de Galiza que na nosa opinión, coido que está no espírito da moción da Sra. Martíns, debe telas todas.

Pero na concepción que vostede e máis eu temos ten que estar implícita por se acaso, porque se vostede pretende que, sen prexuízo de que a responsabilidades as teña todas a Xunta de Galiza, neste caso a Consellería de Educación, que a xestión se faga coa participación de todos e todas, todos os aplausos do mundo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre o tema dos comedores escolares é certo que se está a negociar dende o Concello de Vigo coa Consellería de Educación a actual normativa que regula os comedores escolares que é un Decreto do ano 1984.

Estase a traballar na Consellería de Educación na elaboración dun novo proxecto de normativa que contemple a posibilidade de colaboración cos axentes implicados nos servizos de comedor como poden ser entidades públicas e privadas e tamén as ANPAS e que mesmo se contemple a posibilidade de convenios con esas institucións para garantir e colaborar na xestión deses comedores escolares.

Hai tempo que o Concello de Vigo lle reclamaba á Consellería de Educación e por iso se está a elaborar esta nova normativa de regulación dos comedores escolares que contempla esa posibilidade de convenios de colaboración cos xestores dos comedores coma son as ANPAS.

Por iso nós tamén estamos de acordo coa moción e ímola apoiar neste senso de que se está a elaborar unha nova normativa para implicar á Consellería na colaboración con estes comedores escolares.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Nada máis que unha puntualización a respecto da intervención do Sr. Calviño.

Sinxelamente dicir que esta moción que presentamos aquí consensuouse coa Federación de ANPAS, é dicir, eu presenteilles a proposta que lles pareceu moi ben. Engadir que un servizo tan fundamental como é a xestión dos comedores escolares pensamos que non pode quedar xamais ó voluntarismo das persoas, ten que haber alguén encargado que teña a obriga e polo tanto as conseguíntes responsabilidades e ese alguén é a Consellería de Educación e a Dirección dos centros escolares. Moitas grazas.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Primeiro sobre a precisión que pedía o Sr. Soto. Por suposto que estou absolutamente convencido de que a responsabilidade desa xestión ten que vir da Consellería de Educación.

Precisamente a miña primeira intervención, que sinto que poidera semellar difusa, foi porque falei coa Federación Olívica de pais e nais de Vigo ó respecto e eles tamén están de acordo con que sería positivo ese traballo de base que eu propuxen anteriormente para comprometer no funcionamento xa, dende canto antes, a todos os sectores educativos.

Nese sentido esa poisibilidade é de ampliación, de mellora da moción, non por suposto de ir en contra do sentido último da moción.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Figueroa Vila e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, instando a negociacións coa Consellería de Educación para a xestión dos comedores escolares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (115).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, INSTANDO Ó PLENO DA CORPORACIÓN Á FELICITACIÓN ÓS MAXISTRADOS DA AUDIENCIA DE PONTEVEDRA E PARA QUE SE SOLICITEN DO GOBERNO CAMBIOS NA LEXISLACIÓN RELACIONADOS CO CARREXO DE VOTOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de maio de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"A principios de marzo a través dos medios de comunicación asistimos ao proceso levado a cabo contra o alcalde de Crecente e o seu fillo (tenente de alcalde), xunto a outras tres persoas máis, acusados de delito electoral polo carrexo de votos levado a cabo nas eleccións municipais do 99.

Durante este proceso resultaron probados os feitos consistentes en haber realizado as accións precisas para lograr a emisión do voto para o PP de persoas que tiñan a condición de incapacitadas con estados mentais que non lles permitían ser plenamente conscientes dos seus actos.

A pesares disto a Audiencia viuse obrigada a absolver a todos os implicados no carrexo, por non estar estes feitos tipificados como delito no Código Penal, a pesares dos considerar merecentes do maior reproche posíbel dende un punto de vista moral e ético, xa que -en palabras dos maxistrados- este comportamento fuxe de todo principio do bo facer democrático así como tamén humano, ao atentaren contra un dos principios esenciais do Estado democrático de dereito, non podendo entenderse outra cousa da manipulación da vontade dunha persoa deficiente mental para alterar o resultado da vontade xeral-.

En consecuencia, conxuntamente coa sentenza e co obxectivo de que estas conductas poidan ser castigadas no futuro, os maxistrados pontevedreses, anunciaron unha iniciativa pola que exporán ao goberno as razóns polas que

cren que estas actitudes deben ser obxecto de sanción penal, para conseguir que o carrexo de votos teña a consideración de delicto.

Por todo o anteriormente exposto propónse ao Pleno do Concello para a súa aprobación o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vigo felicita aos maxistrados da Audiencia de Pontevedra pola súa decisión ao mesmo tempo que se suma á súa iniciativa e insta ao goberno a realizar os cambios necesarios na lexislación para que as condutas relacionadas co carrexo de votos sexan tipificadas como delicto."

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: O mes pasado asistimos a través dos medios de comunicación a un proceso levado a cabo contra o Alcalde de Crecente, o seu fillo, Tenente de Alcalde, xunto con outros tres veciños máis que estaban acusados de delicto electoral polo carrexo de votos levado a cabo nas municipais do 99.

Estes feitos, que foron probados logo do xuízo correspondente, penso que a todos nos teñen que avergoñar porque nos pon a nivel dalgún país terceiromundista xa que ó longo do proceso puidemos asistir a declaracións e feitos que realmente son tremendos, cousas coma dicir que non sabían se estaban incapacitados porque realmente cando fora o Bispo mesmo comulgaran e cousas polo estilo, sácanos as cores.

Malia seren probados os feitos, como dicía, resulta que a Audiencia víuse obrigada a absolverlos xa que o carrexo de votos non está tipificado coma delicto. Xunto con esta absolución fixeron pública unha iniciativa de se dirixir ó Goberno central para que se fixeran os cambios necesarios para que este carrexo de votos se tipificase coma delicto.

Ademais diso esta proposta argumentouse en base a que este tipo de comportamentos fuxe de todo principio de bo facer democrático, así coma tamén humano e que atentaba contra un dos principios fundamentais do Estado democrático de dereito.

Realmente o que pasa aquí nas eleccións eu non sei se pasa nalgún outro sitio, polo menos de Europa. Aínda onte puidemos ver con satisfacción pola nosa banda unhas eleccións en Francia onde todo o mundo entraba a votar na cabina que é o xeito de garantir o voto segredo. Pero isto é un inciso.

Por todas estas razóns é polo que lle propoñemos ó Pleno da Corporación para a súa aprobación unha felicitación ós Maxistrados da Audiencia de Pontevedra pola súa decisión, ó mesmo tempo que sumámonos á súa iniciativa e instar tamén ó Goberno a realizar os cambios necesarios para que na

lexislación estas conductas relacionadas co carrexo de votos sexan tipificadas coma delicto.

SR. SOTO FERREIRO: Só quero facer un comentario no nome do Partido Galeguista: Xa vai sendo hora.

SR. PÉREZ MARIÑO: O noso Grupo quere anunciar a abstención neste tema. Estando de acordo co fondo da cuestión, coidando que as conductas que coñecemos a través dos medios de comunicación e noutros casos por relacións personais sobre as actuacións que levou a cabo o Alcalde de Crecente seméllannos deplorables. Digo isto para que queden claras as razóns de porqué nos imos abster.

Está prohibido e supón unha infracción na Lei Orgánica do Poder Xudicial que os Maxistrados se dirixan ás Autoridades con calquera tipo de peticións, felicitacións, etc. Do mesmo xeito coidamos que sería unha mala práctica que por parte das autoridades se felicitase ós membros do Poder Xudicial cando algunha resolución lles semellara positiva, oportuna ou estiveran de acordo coa mesma porque entraríamos nunha práctica de dicir que uns nos gustan e outros non cando realmente as autoridades o que teñen que facer, sen prexuízo da crítica que poden formular, é o acatamento propio dun poder independente coma é o Poder Xudicial.

Os Maxistrados, o Poder Xudicial ten unha soa razón de seren das súas resolucións que é a defensa e o mantemento do principio de legalidade que implica que non se poden apartar para nada do que é o Ordenamento xurídico e os principios constitucionais.

Polo tanto entrar en calquera tipo de felicitación seméllannos inaxeitado, unha mala práctica, sen prexuízo, repito, de que esteamos de acordo coas verbas e coa exposición de motivos que fixo a concelleira, Sra. Martíns. Iso en canto ó primeiro punto da felicitación porque non queremos felicitar ós Maxistrados sen prexuízo de que nos semelle ben a súa resolución, pero repito que coidamos que sería unha mala práctica que felicitáramos agora a uns ou criticáramos a outros dende instancias de poder coma é neste caso a Administración Local.

En segundo lugar, en canto a engadírmolos á petición que no uso das súas atribucións fixo a Audiencia de Pontevedra de pedir que se tipifique coma delicto o carrexo de votos, temos que dicir que estamos de acordo con ela pero sen embargo coidamos que un Concello, unha Corporación Local non é unha instancia para pedir modificacións do Código Penal porque ¿ónde irían

parar esas modificacións que pedimos? ¿pídenselle ó Goberno? ¿ó Poder Legislativo? Semella que se lle terían pedir ó Poder Legislativo. Sendo así e tendo en conta que todos os nosos Grupos, agás o Partido Galeguista, teñen representación parlamentaria coidamos que o máis axeitado é que os propios Grupos Políticos con representación no Congreso dos Deputados, do estimar axeitado poidan solicitar as modificacións ou as inclusións de determinadas conductas no Código Penal.

Tamén crear unha práctica se cada vez que temos un desacordo, unha lagoa no Código Penal ou en calquera outro tipo de norma legal, crear unha especie de Parlamento-bis dende o que se poideran formular iniciativas legislativas constantes tampouco coidamos que sexa unha das funcións da Administración Local e en concreto dunha Corporación.

Por todo iso, estando moi de acordo no plano moral ou persoal co que leva dentro esta moción da concelleira, Sra. Martíns Vilanova, que é a mala práctica electoral que se formulou, dados os feitos declarados probados, polo Alcalde de Crecente e outras tres persoas máis, coidamos que non é moi oportuna a moción que se presentou e por iso nos imos abster.

SR. SOTO FERREIRO: Quero intervir neste debate suscitado pola intervención do Sr. Pérez Mariño porque o que suscita seméllame un tema de calado que está na sociedade e sobre o que cada un de nós ten distintas opinións ou pareceres e polo tanto hai que lle dicir iso á sociedade.

Sr. Pérez Mariño, eu e mailo Partido Galeguista discrepamos radicalmente da súa interpretación de cómo se deben comportar os cidadáns diante da Xustiza.

Semella que vostede fala dos Maxistrados coma dunha especie de caste de iluminados sacrosantos, intanxibeis, intocabeis, que realmente dictan as súas normas e todos os demais pouco menos que teríamos que facer "oh bwana". Digo que isto semella desprenderse da súa interpretación, mesmo cando vostede di que os Maxistrados non se poden apartar para nada dos principios xurídicos pero ¿quen? ¿os que dictan unha Sentenza nunha Audiencia, outra contraria na seguinte Audiencia e outra contraria na seguinte de máis aló? ¿quen deles se apartou dos principios xurídicos?

Sr. Pérez Mariño, por favor, os Maxistrados son persoas e coma tal acertan as máis das veces por certo, na miña opinión e na do Partido Galeguista, e algunhas outras trabúcanse tamén coma persoas falibeis que son. Corríxense uns Tribunais ós outros e están os Tribunais para corrixir os fallos doutros. O sistema está montado para corrixir fallos dende dentro pero

¿sempre se corrixen os fallos dende dentro? Na opinión do Partido Galeguista non.

A partir daí, Sr. Pérez Mariño, malia toda esa explicación, que estou seguro que ten que compartir porque non pode seren doutro xeito, quéreme dicir que temos que estaren calados coma petos cando realmente se ten unha Sentenza coma a deste caso que a algúns nos parece exemplarizante. Dende a pluma e os debuxos de Castelao ata hoxe fixéronse glosas de todo tipo do carrexo de votos, da actitude caciquil e digo a tradicional definición que lle demos en Galiza a ese tipo de conducta política absolutamente execrable para algúns e que combatimos e combateremos sempre que poidamos e onde poidamos.

Cando se dá unha circunstancia extraordinaria que unha Audiencia faga unha Sentenza coma ista, que vostede diga que por unha cuestión de forma non nos pronunciemos, coido que é iso que se chama se poñer "au dessus de la mêlée", é dicir, vostede ponse por riba e fóra da historia, por riba do ben e do mal e que non lle toquemos ós Maxistrados. Pois non, toquémoslles neste caso que me parecen ben tocados e ogallá a súa petición respectuosa, por outra parte, se cumpra. Dende logo que no que o Partido Galeguista poida axudar a que esa petición vaia cara adiante farao sempre.

Tamén lle digo que do mesmo xeito que dixeran que en xeral os Maxistrados acertan, algunhas veces cometen fallos e fallos graves e nese momento non nos recataremos nos criticar, de ningún dos xeitos, non consideramos ós Maxistrados coma unha caste, nin coma un poder omnímodo de nada, son unha parte da Administración pública ó servizo do Estado, ó servizo do pobo e o pobo somos todos e polo tanto todos somos quen para os xulgar.

SRA. MARTINS VILANOVA: Logo destas verbas do Sr. Soto eu só vou engadir unha cousa: Sr. Pérez Mariño, de verdade que xamais deixará vostede de me sorprender.

SR. PÉREZ MARIÑO: Precisar a diferenza que hai na crítica dunha persoa ou dun partido da crítica institucional. Os poderes non poden entrar nun Estado de Dereito en críticas duns ós outros. Nós estamos aquí sendo parte dun poder e polo tanto non é a nosa función entrar en ningunha disputa dialéctica con ningún outro Poder nin para felicitar, nin para criticar e falo coma poderes.

Non o debería dicir pero eu me sinto moi unido a esta Sentenza por razóns persoais obvias que non teño porqué contar pero que podo contar porque por

vía consorte a felicitación tamén me chega. Malia iso coidamos que baixo ningún concepto pode un Poder dedicarse a felicitar ou criticar a outro Poder máis que nos canais institucionas previstos.

Por todo iso coidamos que o correcto debe ser abstérmonos de entrar nesta cuestión. Moitas gracias.

SR. COELLO BUFILL: Coidamos que calquera tipo de conducta que atente contra os principios básicos do noso Estado democrático de dereito debe seren desaprobada e sancionada.

Por iso entendemos que calquera iniciativa que mellore e cubra as deficiencias lexislativas da Lei electoral é un éxito para asegurar a lexitimidade de todas as institucións democráticas, se ben cabe dicir que aínda reafirmando o noso reproche moral e ético a esas conductas, istas na actualidade son atípicas e polo tanto non podemos penalizar a estas persoas politicamente posto que nos Tribunais quedaron absoltas por eses motivos malia que se dixo de novo que taxante, moral e eticamente non son conductas sas. Por iso será misión do Parlamento estatal cubrir as lagoas legais nos extremos pertinentes para que o noso sistema sexa máis transparente, seguro e libre.

O noso Grupo vaise abster.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: O mes pasado asistimos a través dos medios de comunicación a un proceso levado a cabo contra o Alcalde de Crecente, o seu fillo, Tenente de Alcalde, xunto con outros tres veciños máis que estaban acusados de delicto electoral polo carrexo de votos levado a cabo nas municipais do 99.

Estes feitos, que foron probados logo do xuízo correspondente, penso que a todos nos teñen que avergoñar porque nos pon a nivel dalgún país terceiromundista xa que ó longo do proceso puidemos asistir a declaracións e feitos que realmente son tremendos, cousas coma dicir que non sabían se estaban incapacitados porque realmente cando fora o Bispo mesmo comulgaran e cousas polo estilo, sácanos as cores.

Malia seren probados os feitos, como dicía, resulta que a Audiencia víuse obrigada a absolverlos xa que o carrexo de votos non está tipificado coma delicto. Xunto con esta absolución fixeron pública unha iniciativa de se dirixir ó Goberno central para que se fixeran os cambios necesarios para que este carrexo de votos se tipificase coma delicto.

Ademais diso esta proposta argumentouse en base a que este tipo de comportamentos fuxe de todo principio de bo facer democrático, así coma tamén humano e que atentaba contra un dos principios fundamentais do Estado democrático de dereito.

Realmente o que pasa aquí nas eleccións eu non sei se pasa nalgún outro sitio, polo menos de Europa. Aínda onte puidemos ver con satisfacción pola nosa banda unhas eleccións en Francia onde todo o mundo entraba a votar na cabina que é o xeito de garantir o voto segredo. Pero isto é un inciso.

Por todas estas razóns é polo que lle propoñemos ó Pleno da Corporación para a súa aprobación unha felicitación ós Maxistrados da Audiencia de Pontevedra pola súa decisión, ó mesmo tempo que sumámonos á súa iniciativa e instar tamén ó Goberno a realizar os cambios necesarios para que na lexislación estas conductas relacionadas co carrexo de votos sexan tipificadas coma delito.

SR. SOTO FERREIRO: Só quero facer un comentario no nome do Partido Galeguista: Xa vai sendo hora.

SR. PÉREZ MARIÑO: O noso Grupo quere anunciar a abstención neste tema.

Estando de acordo co fondo da cuestión, coidando que as conductas que coñecemos a través dos medios de comunicación e noutros casos por relacións personais sobre as actuacións que levou a cabo o Alcalde de Crecente seméllannos deplorables. Digo isto para que queden claras as razóns de porqué nos imos abster.

Está prohibido e supón unha infracción na Lei Orgánica do Poder Xudicial que os Maxistrados se dirixan ás Autoridades con calquera tipo de peticións, felicitacións, etc. Do mesmo xeito coidamos que sería unha mala práctica que por parte das autoridades se felicitase ós membros do Poder Xudicial cando algunha resolución lles semellara positiva, oportuna ou estiveran de acordo coa mesma porque entraríamos nunha práctica de dicir que uns nos gustan e outros non cando realmente as autoridades o que teñen que facer, sen prexuízo da crítica que poden formular, é o acatamento propio dun poder independente coma é o Poder Xudicial.

Os Maxistrados, o Poder Xudicial ten unha soa razón de seren das súas resolucións que é a defensa e o mantemento do principio de legalidade que implica que non se poden apartar para nada do que é o Ordenamento xurídico e os principios constitucionais.

Polo tanto entrar en calquera tipo de felicitación seméllanos inaxeitado, unha mala práctica, sen prexuízo, repito, de que esteamos de acordo coas verbas e coa exposición de motivos que fixo a concelleira, Sra. Martíns. Iso en canto ó primeiro punto da felicitación porque non queremos felicitar ós Maxistrados sen prexuízo de que nos semelle ben a súa resolución, pero repito que coidamos que sería unha mala práctica que felicitáramos agora a uns ou criticáramos a outros dende instancias de poder coma é neste caso a Administración Local.

En segundo lugar, en canto a engadírmonos á petición que no uso das súas atribucións fixo a Audiencia de Pontevedra de pedir que se tipifique coma delicto o carrexo de votos, temos que dicir que estamos de acordo con ela pero sen embargo coidamos que un Concello, unha Corporación Local non é unha instancia para pedir modificacións do Código Penal porque ¿ónde irían parar esas modificacións que pedimos? ¿pídenselle ó Goberno? ¿ó Poder Lexislativo? Semella que se lle terían pedir ó Poder Lexislativo. Sendo así e tendo en conta que todos os nosos Grupos, agás o Partido Galeguista, teñen representación parlamentaria coidamos que o máis axeitado é que os propios Grupos Políticos con representación no Congreso dos Deputados, do estimar axeitado poidan solicitar as modificacións ou as inclusións de determinadas conductas no Código Penal.

Tamén crear unha práctica se cada vez que temos un desacordo, unha lagoa no Código Penal ou en calquera outro tipo de norma legal, crear unha especie de Parlamento-bis dende o que se poideran formular iniciativas lexislativas constantes tampouco coidamos que sexa unha das funcións da Administración Local e en concreto dunha Corporación.

Por todo iso, estando moi de acordo no plano moral ou persoal co que leva dentro esta moción da concelleira, Sra. Martíns Vilanova, que é a mala práctica electoral que se formulou, dados os feitos declarados probados, polo Alcalde de Crecente e outras tres persoas máis, coidamos que non é moi oportuna a moción que se presentou e por iso nos imos abster.

SR. SOTO FERREIRO: Quero intervir neste debate suscitado pola intervención do Sr. Pérez Mariño porque o que suscita seméllame un tema de calado que está na sociedade e sobre o que cada un de nós ten distintas opinións ou pareceres e polo tanto hai que lle dicir iso á sociedade.

Sr. Pérez Mariño, eu e mailo Partido Galeguista discrepamos radicalmente da súa interpretación de cómo se deben comportar os cidadáns diante da Xustiza.

Semella que vostede fala dos Maxistrados coma dunha especie de caste de iluminados sacrosantos, intanxibeis, intocabeis, que realmente dictan as súas normas e todos os demais pouco menos que teríamos que facer "oh bwana". Digo que isto semella desprenderse da súa interpretación, mesmo cando vostede di que os Maxistrados non se poden apartar para nada dos principios xurídicos pero ¿quen? ¿os que dictan unha Sentenza nunha Audiencia, outra contraria na seguinte Audiencia e outra contraria na seguinte de máis aló? ¿quen deles se apartou dos principios xurídicos?

Sr. Pérez Mariño, por favor, os Maxistrados son persoas e coma tal acertan as máis das veces por certo, na miña opinión e na do Partido Galeguista, e algunhas outras trabúcanse tamén coma persoas falibeis que son. Corríxense uns Tribunais ós outros e están os Tribunais para corrixir os fallos doutros. O sistema está montado para corrixir fallos dende dentro pero ¿sempre se corrixen os fallos dende dentro? Na opinión do Partido Galeguista non.

A partir daí, Sr. Pérez Mariño, malia toda esa explicación, que estou seguro que ten que compartir porque non pode seren doutro xeito, quéreme dicir que temos que estaren calados coma petos cando realmente se ten unha Sentenza coma a deste caso que a algúns nos parece exemplarizante. Dende a pluma e os debuxos de Castelao ata hoxe fixéronse glosas de todo tipo do carrexo de votos, da actitude caciquil e digo a tradicional definición que lle demos en Galiza a ese tipo de conducta política absolutamente execrable para algúns e que combatimos e combateremos sempre que poidamos e onde poidamos.

Cando se dá unha circunstancia extraordinaria que unha Audiencia faga unha Sentenza coma esta, que vostede diga que por unha cuestión de forma non nos pronunciemos, coido que é iso que se chama se poñer "au dessus de la melée", é dicir, vostede ponse por riba e fóra da historia, por riba do ben e do mal e que non lle toquemos ós Maxistrados. Pois non, toquémoslles neste caso que me parecen ben tocados e ogallá a súa petición respectuosa, por outra parte, se cumpra. Dende logo que no que o Partido Galeguista poida axudar a que esa petición vaia cara adiante farao sempre.

Tamén lle digo que do mesmo xeito que dixen que en xeral os Maxistrados acertan, algunhas veces cometen fallos e fallos graves e nese momento non nos recataremos nos criticar, de ningún dos xeitos, non consideramos ós Maxistrados coma unha caste, nin coma un poder omnímodo de nada, son unha parte da Administración pública ó servizo do Estado, ó servizo do pobo e o pobo somos todos e polo tanto todos somos quen para os xulgar.

SRA. MARTINS VILANOVA: Logo destas verbas do Sr. Soto eu só vou engadir unha cousa: Sr. Pérez Mariño, de verdade que xamais deixará vostede de me sorprenden.

SR. PÉREZ MARIÑO: Precisar a diferenza que hai na crítica dunha persoa ou dun partido da crítica institucional. Os poderes non poden entrar nun Estado de Dereito en críticas duns ós outros. Nós estamos aquí sendo parte dun poder e polo tanto non é a nosa función entrar en ningunha disputa dialéctica con ningún outro Poder nin para felicitar, nin para criticar e falo coma poderes.

Non o debería dicir pero eu me sinto moi unido a esta Sentenza por razóns persoais obvias que non teño porqué contar pero que poden contar porque por vía consorte a felicitación tamén me chega. Malia iso coidamos que baixo ningún concepto pode un Poder dedicarse a felicitar ou criticar a outro Poder máis que nos canais institucionais previstos.

Por todo iso coidamos que o correcto debe ser abstermonos de entrar nesta cuestión. Moitas grazas.

SR. COELLO BUFILL: Coidamos que calquera tipo de conduta que atente contra os principios básicos do noso Estado democrático de dereito debe seren desaprobada e sancionada.

Por iso entendemos que calquera iniciativa que mellore e cubra as deficiencias lexislativas da Lei electoral é un éxito para asegurar a lexitimidade de todas as institucións democráticas, se ben cabe dicir que aínda reafirmando o noso reproche moral e ético a esas condutas, estas na actualidade son atípicas e polo tanto non podemos penalizar a estas persoas politicamente posto que nos Tribunais quedaron absoltas por eses motivos malia que se dixo de novo que taxante, moral e eticamente non son condutas. Por iso será misión do Parlamento estatal cubrir as lagoas legais nos extremos pertinentes para que o noso sistema sexa máis transparente, seguro e libre.

O noso Grupo vaise abster.

(No momento da votación está ausente o Sr. Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martínez

Vilanova, Méndez Piñeiro, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, López-Chaves Castro, Pérez Mariño, Polo Lima, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, relativa a cambios na lexislación relacionados co carrexo de votos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (116).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE INSTAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A MANTER EN FUNCIONAMENTO DURANTE O VERÁN TODAS AS CAMAS HOSPITALARIAS DA ÁREA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de maio de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"A área sanitaria de Vigo, cunha poboación de 560.000 persoas, é en termos demográficos a de maior medre e a máis poboada de toda Galiza. Para atender a esta poboación contamos con 1.149 camas (90 de crónicos) no Complexo Hospitalario de Vigo (CHUVI) e con 339 concertadas con POVISA. Isto ofrece unha ratio de 2,65 camas por cada 1.000 habitantes. En termos comparativos, na área da Coruña, dispoñen de 2,9 camas/1.000 habitantes, e en Galiza a ratio é de 3 camas/1.000 habitantes. Como pode verse, a área Sur da provincia de Pontevedra é a máis deficitaria en canto a oferta de camas públicas. En canto a hospitalización de media-longa estancia, contamos con 90 camas públicas e 69 concertadas ca Cruz Vermella, sendo o índice de camas por 10.000 habitantes de 0,1. No resto do Estado, a ratio é de 2,2 camas/10.000 habitantes.

Con estes parámetros e outras variables, non nos extraña que as listas de espera para primeiras consultas e intervencións cirúrxicas sexa no CHUVI unha das maiores, somentes superada polo Complexo Hospitalario de Pontevedra. Sirva como exemplo, que para facer unha Ecocardiografía haxa que esperar 1 ½ anos.

A esta situación de inequidade e desigualdade con respecto a outras áreas engádeselle durante os veráns o peche de camas hospitalarias, o que a converte nunha situación dramática. Un ano máis o SERGAS pretende pechar varias unidades de hospitalización. Así, no Hospital do Meixoeiro entre xuño e setembro pecharase unha unidade con 34 camas, e nos meses de xullo e agosto outra de 30 camas, o que implica o peche de 64 camas de agudos. A isto hai que lle engadir entre os meses de xullo e setembro o peche dunha unidade de 30 camas de media-longa estancia no Hospital "Nicolás Peña".

Os argumentos que se manexan por parte do SERGAS son a menor demanda asistencial durante o verán e a falla de profesionais para cubrir os que van de vacacións. Pero todos sabemos que as listas de espera seguen a medrar durante o verán, pois quen ten necesidade dunha intervención cirúrxica ou de realizar unha proba, tena con independencia da época do ano. Se o SERGAS non o remedia, volveremos a ver os corredores e as Urgencias do Hospital Xeral ateigados de pacientes. En canto ao déficit de profesionais, se observamos as últimas probas selectivas, comprobamos que en todas as categorías o número de profesionais que se presentan, como mínimo duplica o de prazas ofertadas. O SERGAS pretende aforrar en contratación de personal, é dicir, a única razón para o peche de camas é a económica.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón o Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

- Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza a que durante o verán se manteñan en funcionamento todas as camas hospitalarias da Area de Vigo e que se proceda á contratación do persoal sanitario que sexa necesario para substituír os profesionais de vacacións.
- Que se proceda por parte da Consellería de Sanidade a incrementar o número de camas até polo menos igualar a ratio media do Estado."

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Voltamos falar de sanidade, debe ser que é unha cuestión moi sentida por todos os cidadáns vigueses e por iso se trae a este Pleno.

Paso á exposición de motivos aínda que máis ou menos todos e todas estamos informados porque é unha cousa que se ven repetindo sistematicamente.

Dicir que na área sanitaria de Vigo temos unha poboación de 560.000 persoas e que en termos demográficos ven sendo a máis poboada de toda Galiza, non só en termos demográficos a nivel de poboación, senón que é a de maior medre.

Contamos para atender esta poboación, falamos de camas públicas, con 1.149 camas, delas 90 son de crónicos. Estas camas, coma todos saben, están situadas no Chuvi, no complexo hospitalario. Á parte contamos coas camas de POVISA que dependendo dos anos varían en número as que son concertadas, concretamente no 2004 concertáronse 339 camas. Evidentemente isto en Sanidade mídese en ratios e ven dando unha ratio de 2,65 camas por cada milleiro de habitantes.

Se falamos en termos comparativos porque tanto en Sanidade coma noutras áreas sempre hai que falar así, na área da Coruña, por exemplo, xa dentro da nosa nación Galiza, contan con 2,9 camas por cada milleiro de habitantes e no que é a nivel galego hai unha media de 3 camas por 1000 habitantes.

Na Comunidade de Navarra, para que se fagan unha idea, hai 5 camas por cada 1.000 habitantes, camas públicas de agudos. Nestes momentos está á cabeza a Comunidade Navarra.

Por exemplo a nivel do Estado a ratio é de 3,5 camas por cada 1.000 habitantes. Pois a área sur de Galiza, coma se pode ver, somos a zona máis deficitaria en canto a camas públicas; falamos de camas públicas de agudos porque se falamos de crónicos ou de media/longa estancia as ratios son aínda menores pois contamos exactamente con 90 camas de media/longa estancia que neste caso están no hospital Nicolás Peña e á parte temos as concertadas da Cruz Vermella que son 69. Estamos á cola en Comunidades Autónomas de todo o Estado e dentro de Galiza evidentemente tamén. En termos sanitarios Galiza ocupa o terceiro lugar pola cola.

Non hai moito, exactamente o martes da semana pasada, estaba unha das persoas que máis sabe de sanidade en canto a ratios aquí, invitada precisamente polo BNG e falaba dos estudos que se fixeron a nivel de todo o Estado. Sinxelamente eramos a terceira Comunidade nalgunhas cousas e cuarta pola cola das 17 Comunidades que hai no Estado español. ¿Sabem cales eran as primeiras? Curiosamente non eran as gobernadas polo Partido que está agora mesmo na Xunta e precisamente as da cola eran Murcia, Valencia, Galiza e Madrid. Isto di moi ben o que hai e o que interesa a sanidade neste momento neste país.

Como comprenderán, con todos estes parámetros as listas de espera nesta zona son as peores de toda Galiza. Por exemplo, para facer unha eco-cardiografía un paciente que pediu cita o 5 de maio déronlla para o 19 de outubro de 2006, exactamente ano e medio de espera. Isto pasoulle a un paciente meu, non é ningún caso extraordinario.

A esta situación que é de absoluta iniquidade e desigualdade hai que lle engadir aínda por riba que no verán temos todos os anos a mesma problemática porque o SERGAS pretende pechar unidades de hospitalización.

Por unha banda (coma ven a política é moi coherente) falamos de proxectos de hospitais cos que todos estamos de acordo, ó mellor non co mesmo hospital, pero por outra banda algo tan sinxelo como é non pechar camas no verán porque son necesarias e increméntanse as listas de espera, iso tan sinxelo de facer que é non pechar camas, iso si se fai. Pois mirenen, exactamente o SERGAS, aínda que non deu ratios, máis ou menos xa adiantou que se van pechar 64 camas no hospital do Meixoeiro durante os meses do verán e 30 camas de media e longa estancia no hospital Nicolás Peña, é

dicir, que de 90 camas públicas de crónicos no verán nos pechan exactamente 30.

Os argumentos que manexa o SERGAS son que en principio non hai profesionais que as cubran; o SERGAS bota á xente cara a emigración e logo di que non hai profesionais. Non é certo, nas últimas oposicións que houbo realmente se presentou o dobre de xente que o número de prazas que había.

Como a xente non deixa de se operar, nin de necesitar facer probas durante o verán, comprobaremos un ano máis que os corredores do Hospital Xeral están ateigados de camas, comprobaremos un ano máis coma os nosos familiares esperan 2 ou 3 días nunha padiola, pero o SERGAS segue coa súa política de pechar camas.

Coido que esta non é a política que se debe facer, coido que dende aquí se debe facer unha denuncia e tamén a demanda, coma Corporación que somos, representantes de todos os cidadáns de Vigo e por iso o noso Grupo pídelle ó Pleno da Corporación que se adopten os seguintes acordos: Instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza a que durante o verán se manteñan en funcionamento todas as camas hospitalarias da área de Vigo e que se proceda á contratación do persoal sanitario que sexa necesario para substituír ós profesionais de vacións.

Por outra banda, que se proceda por parte da Consellería de Sanidade a incrementar o número de camas ata polo menos igualar a ratio media do Estado e coido que niso estamos todos. Moitas grazas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Eu quero facer algunhas aclaracións sobre a moción porque xa cando fala da poboación de 560.000 persoas é redondeando porque o certo é que vostede falaba en novembro de 2003 que a área sanitaria de Vigo tiña 540.000 persoas, de tal xeito que segundo vostede a poboación dos Concellos que están na área sanitaria de Vigo incrementouse en case 20.000 persoas, isto supón un incremento de case o 3,5% da poboación. Segundo o Instituto Nacional de Estatística a consulta dos últimos datos oficiais sobre poboación de todos os Concellos que forman parte da área sanitaria de Vigo, Cangas, Moaña, etc., son, agás erro ou omisión, sobre 550.000 habitantes, o que supón por tanto unha redución da poboación para obter esa ratio.

En segundo lugar, segundo os datos do SERGAS, o número de camas do Nicolás Peña, Xeral-Cíes, Meixoeiro son 1.174. En terceiro lugar, con POVISA non existe unha disposición efectiva ou un convenio sobre camas, senón un

convenio de dispoñibilidade de tal xeito que se usan as camas de acordo con esta dispoñibilidade.

Só para falar de ratios isto supón que os datos das camas para a poboación real das que vostedes falan que é de 550.000, xa suben a 2,7 camas por cada 1.000 habitantes que ademais é a cantidade da que vostede falaba na moción de novembro de 2003. Efectivamente vostede falaba de que na área sanitaria da Coruña e na de Vigo estaba máis ou menos de acordo coas proporcións: 2,7 as dúas áreas sanitarias. Se engadimos as camas das que fala o SERGAS, de acordo cos datos oficiais, o incremento sería de 2,75 e se contamos as camas dispoñibles que existen en POVISA incrementaríanse ata o 3,01. Polo tanto son datos que se poden manexar de acordo coas ratios pero dende logo se ve que non son exactamente esas 2,65, senón que a poboación e mesmo a ratio de camas son distintas.

De todos os xeitos e en canto ás listas de espera tamén quero dicir que segundo os datos oficiais que publicou o Ministerio de Sanidade, a Ministra de Sanidade falaba de que a media en España das listas de espera era de 77 días. A media do SERGAS en listas de espera é de 75,9 días, mesmo comparando con outras Comunidades Autónomas que as publican porque nalgúns Comunidades Autónomas é difícil acceder ás listas de espera, pero por exemplo Cataluña, Andalucía e Extremadura si as publican e a lista de espera media é de 105 días, dato que se ve moi alterado porque por exemplo en Extremadura existen só 11 persoas en lista de espera de ciruxía cardíaca o que baixa moito a media porque é unha media de 16 días.

A media do Xeral-Cíes, de acordo cos datos do SERGAS, é de 76,7 días, é dicir, por debaixo da media española e un pouco por riba da media do SERGAS. Mesmo se facemos as proporcións entre poboación e listas de espera, en España as listas de espera existen de acordo cos datos que facilitou a Ministra de Sanidade, 406.264 en lista de espera cirúrxica que a proporción ós máis de 43 millóns de persoas é de cada 100 habitantes 0,9 en lista de espera. En Extremadura por exemplo son 15.961 de lista de espera cirúrxica para unha poboación dun pouco máis de 1 millón de habitantes, é 1,49 de espera por cada 100 habitantes e en Galiza 21.498 en proporción ós 2.750.000 son 0,78 de espera por cada cen habitantes, por tanto inferior á media española.

È certo que a lista de espera é un problema que se tenta rebaixar. Efectivamente nos últimos meses contemplouse, mesmo no barómetro galego sanitario, a valoración desa lista de espera. Hai que ter en conta non só esa apreciación subxectiva de cada un, senón a apreciación dunha enquisa

dos meses de abril-maio de 2005, é dicir moi recente, que elaborou a Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Socioloxía, que fala de que o 82% dos galegos coidan que a atención recibida na sanidade foi eficaz e mesmo case o 56% coidou que se mellorou nos últimos ano. É máis, que ten confianza na mellora do futuro case o 54%. Mesmo o grao de satisfacción dun galego coa sanidade é entre base 10 de 6,09 que coincide coa media global.

Por tanto hai que dicir que non son os datos apocalípticos da sanidade pública galega comparados con outras Comunidades Autónomas e mesmo cos datos do Ministerio de Sanidade. É certo que é mellor o incremento e estamos a traballar dende o Partido Popular na sanidade pública.

Sobre a apertura ou o peche de camas en verán dicirlle que hai datos. En Andalucía denúnciase que o peche de camas chega mesmo ata o 30%; mesmo nalgún hospital, Torre Cárdenas en Almería, pechouse o 18% das camas. Por tanto é un sistema non só do Servicio Galego de Saúde, senón que se emprega no resto dos servizos de saúde de toda España.

Se se pode non pechar tantas camas e se poden incrementar, se iso é posible, votaremos a favor pero non hai que falar desa apocalíptica sanidade pública porque nin o aprecian os cidadáns, nin os datos así o din.

SR. SOTO FERREIRO: Se o Partido Galeguista fora ás eleccións autonómicas, se lle deran tempo dabondo, no programa electoral que xa estaba practicamente rematado había varios obxectivos. O primeiro era a creación de emprego, o segundo a corrección dos terroríficos déficits sanitarios que temos en Galiza.

Se eu tivera que lle dar, falando coma estamos e no tempo en que estamos, dous slogans do SERGAS cara ós cidadáns, dende logo con respecto ás listas de espera sería un; o SERGAS diríalles ós cidadáns: recomendámoslles encarecidamente non enfermarse porque as listas de espera son impresionantes. Vostede semella mostraren conformismo, ou conformidade, ou aquiescencia con esa situación que a algúns nos parece bochornosa, seguramente porque a pademos en carne propia. Dixo só un dato que ó mellor pode ser moi escandaloso pero non menos escandaloso é ter que esperar en xinecoloxía, por exemplo, máis de 6 meses; non menos escandaloso é que se lle dan unha cita para un oculista teña que esperar 7 meses. É dicir, se quere seguimos ampliando datos xa que lle gustan tanto as ratios e logo póñalle as ratios coma queira e compare con quen queira.

Eu dígolle que estamos nunha sanidade cuasi terceiromundista na opinión do Partido Galeguista e se vostedes están satisfeitos deste tipo de sanidade alá vostedes, pero moito me preocupa porque a min alomenos me gustaría sentir aquí a uns e a outros dicir que todos se van poñer as pilas para realmente cambiar o sistema sanitario galego. Pois non señor, tomen ratios de autocomplacencia e autosatisfacción a barullo e cando se denuncia por parte da compañeira, Sra. Méndez, a situación sanitaria que se dá todos os anos no verán, o slogan do SERGAS xa pasaría da recomendación, diría: rotundamente prohibido enfermarse no verán. Está prohibido enfermarse no verán porque quen enferme dende logo non vai ser atendido.

¿Quérenme explicar en razón de qué datos obxectivos se suprimen camas no verán? Algúns diranme que para acondicionar as vacacións de médicos, de enfermeiras, etc., ¿é para iso? ¿iso non se pode arranxar con substitucións? Nada. Segue dando ratios, segue dicíndolles a todas as persoas, homes e mulleres que están nas listas de espera de meses, moitos deles de máis de 6 meses, que as ratios a vostedes, ós membros do Partido Popular en Vigo seméllanlles moi ben. Pois ánimo coas ratios pero dende logo que espero que alguén que non sexan vostedes en Vigo, refírome ó Partido Popular de Galiza, se é que lle toca gobernar, ó Partido Socialista ou ó Bloque, a quen lle toque gobernar que lles parezan coma a nós aspartosas as ratios e se dediquen a querer cambialas o máis axiña posible.

SRA. SÍO LOURIDO: A verdade é que eu non tiña pensado intervir nesta moción porque xa se presentaron reiteradamente no ano 2002, 2003 e no 2004 neste Pleno mocións similares sobre a ausencia de persoal e de camas nos meses de verán, a eliminación na nosa cidade.

Pero lle quero dicir dúas cuestións ó Sr. López-Chaves: en 16 anos do Goberno do PP seguro que mellorou a sanidade porque se inventaron máquinas de raios novas, compráronse cousas novas, seguro que algo mellorou a sanidade en Galiza porque a dinámica das cousas nos leva avanzar aínda que vaíamos ás veces en sentido contrario. En 16 anos do goberno do Partido Popular a sanidade na área sur de Galiza non mellorou con respecto ó total de Galiza, aínda estamos á cola do total de Galiza.

Non lle vou facer comparacións con outras Comunidades Autónomas, só a percepción que ten a poboación, a que teñen as persoas da área sur de Galiza cando son atendidas pola sanidade pública. Vostede sabe e elas tamén, son persoas e non ratios. O avance nestes 16 anos dende logo que

puido ser moito maior tanto cuantitativamente coma cualitativamente de se apostar decididamente por un pilar coma é o da sanidade que é prioritario. Polo tanto non teño que dicir que por suposto apoiamos a moción da Sra. Méndez.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Unhas puntualizacións, Sr. López-Chaves. Eu non sei que datos utilizan vostedes, pero se teñen os datos dentro do partido e logo utilizan outros na páxina do SERGAS que está en internet e son accesibles para todos os cidadáns, ese xa é o seu problema, iso quere dicir que vostedes mesmos están desinformando.

A páxina do SERGAS ó 30 de decembro de 2004 exactamente dicía que a área sanitaria de Vigo atendía a unha poboación (eu non lles quixen dar estes datos así tan precisos) de 559.892 persoas; isto está colgado na páxina do SERGAS exactamente, non saquei información doutro sitio porque entroutras cousas non se proporciona.

Respecto ó que vostede dicía de coma están as listas de espera, todos e todas sabemos que existe unha maquillaxe das listas de espera. Eu dígolle agora que calquera cidadán que estea aquí presente, que faga unha chamada a determinadas listas de espera do complexo hospitalario e en moitas delas o que lle van dicir é "chame vostede dentro de dous meses". A iso chámase maquillaxe das listas de espera. Tamén é certo e tamén o recoñezo que iso existe en case todas as autonomías, é unha realidade.

As listas de espera están maquilladas, na realidade espérase moitísimo máis do que xorde porque o que lle din é sinxelamente que hai que esperar e posteriormente cando vostede volva chamar logo dos dous meses será cando o incluan. Esa é a realidade.

Pero chamando persoalmente ás listas de espera do Hospital Meixoeiro, neumoloxía: 4 meses, oftalmoloxía: 8 meses, alerxia: 14 meses. Leron vostedes o Faro de Vigo de hai catro días? Alí falaban dun ano, pois exactamente son 14 meses.

Respecto ó que vostede dicía das estatísticas que sacou o SERGAS respecto á situación da sanidade, un dos parámetros que máis se utiliza en sanidade é o de percepción do estado de saúde por parte dos pacientes, non falo de ningunha estatística senón sinxelamente do que saíu nas hemerotecas non sei se hai exactamente un mes e a segunda poboación pola cola en percepción de estado de saúde eran os galegos. Isa é a realidade, o nivel de satisfacción ó que vostede se refería, Sr. López-Chaves, era cos profesionais da sanidade e co nivel de atención profesional, con ese si que estamos á

cabeza porque realmente os déficits do SERGAS os están compensando todos os traballadores da sanidade que tentan que o paciente estea ben atendido, o demais son demagoxias.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Dúas cousas: eu non quero que digan de min o que non digo. Xamais dixen que estivera conforme coas listas de espera, dixen os datos, as ratios e as comparacións e coido que son datos obxectivos; xamais dixen que estivera de acordo coas listas de espera e coido que é unha preocupación non só dos que estamos aquí, senón de todo o mundo e por iso a redución das listas de espera é unha das maiores preocupacións dos cidadáns, pero tamén hai que ver coma estamos e coma están outros para falar pero iso non quere dicir que esteamos conformes porque se o estiveramos non estaríamos a facer toda a política de redución de listas de espera que coido que é un problema sanitario e ademais o máis importante. Aínda que nese barómetro sanitario se reduce en sete puntos a preocupación polas listas de espera, si é certo que é o primeiro problema sanitario e que estamos a traballar niso para as reducir. Non o dixen, sinxelamente falei de comparación con ratios. Nada máis e que quede esa aclaración.

Polo demais coido que os datos do Instituto Nacional de Estatística e do SERGAS son os que eu dixen e se vostede di que as listas de espera están maquilladas, hai un Decreto do ano 2003 que regula as listas de espera e deberían publicarse e así se publica e son datos do Ministerio de Sanidade e Consumo ademais do SERGAS.

Por iso é certo que se están a reducir as listas de espera e que é unha preocupación e compromiso do Partido Popular reducir as listas de espera coas que non estamos de acordo pero tampouco hai que ocultar os datos que falan da mellora da sanidade dos últimos anos na nosa Comunidade Autónoma. Só un dato: hai que ver no ano 1990 a situación horrible na que se atopaba a sanidade que se falaba mesmo de colapso sanitario. Mellorouse a sanidade, vaise mellorar e coido que ademais debe ser un problema e unha preocupación de todos, pero dende o Partido Popular queremos amosar os feitos, os datos e tamén a nosa preocupación polas listas de espera coas que non estamos conformes nin queremos que a situación sega así e polo tanto imos traballar en mellorar coma o fixemos nos últimos anos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: É certo, teño que recoñecer que se mellorou a sanidade nestes 15 anos, evidentemente, só fallaría que estivesemos igual.

Sr. López-Chaves, no ano 1990 o Sr. Montero, daquela Conselleiro polo Partido Popular asumíu as competencias do SERGAS cun déficit exactamente de 20.000 millóns, é a eterna débeda histórica e ¿sabe que dixo o Sr. Vargas, daquela Ministro de Sanidade do PSOE? Exactamente dixo: "Qué gol lle metemos ós galegos" estas foron verbas textuais que ademais están recollidas nas actas. Só fallaría que nestes momentos non mellorasen as listas, nin mellorase a sanidade en 16 anos.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Mire, o único gol que imos coñecer agora é o do Plan Galiza e vostedes tamén están de acordo en votar nese senso. Coido que hai que ter en conta cando se meten ou non os goles. Podemos falar do Celta, o Celta ten que meter os goles e aquí falar de goles de 20.000 millóns, iso non é un gol, é un golazo.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, instando o mantemento do número de camas hospitalarias durante o verán, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (117).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A ELABORACIÓN DUNHA GUÍA DE CLÁUSULAS SOCIAIS PARA A SÚA INCLUSIÓN NOS PROCESOS DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 11 de maio de 2005, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"A inclusión de cláusulas sociais nos procesos de licitación pública vanse abrindo camiño no seo da Unión Europea como instrumento de promoción de políticas sociais.

Son varias as sentencias que establecen que a inclusión de criterios obxectivos de adxudicación que non teñan carácter económico é conforme aos principios informadores do Tratado.

No asunto Beentjes, o TJCE acolleu expresamente o feito de que os estados membros incorporen aos seus procesos de licitación, como criterios obxectivos, elementos das súas políticas sociais.

Nesta liña creouse una subcomisión parlamentaria de Responsabilidade Social Corporativa e existen experiencias como a da Comunidade Autónoma de Aragón cuxa finalidade é incorporar nos procesos de contratación pública cláusulas sociais que permitan outorgar algunha puntuación, dentro do respecto á Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En definitiva, a contratación pública pódese utilizar como instrumento de política social, incluíndo cláusulas nos contratos públicos que persigan como obxectivos combater o desemprego xuvenil, a formación profesional, a supresión da discriminación e que faciliten a inserción laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

Proponse enriquecer os procesos de contratación do Concello engadindo cláusulas sociais como por exemplo "cláusula de preferencia ou desempate para a contratación de persoas con minusvalías", coas que se valoraría positivamente a aquelas empresas, que no momento de acreditar a súa solvencia, teñan no seu cadro de persoal un número superior ao 2 por 100 de persoas con discapacidade. Outra medida que se podería estimar sería a "cláusula de valoración pola contratación de persoas en situación de exclusión social" que valoraría a integración das sociedades en programas de incorporación sociolaboral ou que habitualmente subcontraten servizos con centros ou empresas cuxo obxecto principal sexa a incorporación dos colectivos excluídos.

Polo exposto propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que polos Servizos Técnicos se elabore unha guía de cláusulas sociais para a súa inclusión nos procesos de contratación do Concello."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de maio de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. SÍO LOURIDO: Esta moción presentouna a miña compañeira, Sra. Graña, que nestes momentos coma todos sabemos non está aquí e aínda que versa na forma dos procesos administrativos, ten un fondo de interese social evidente.

Fala da inclusión de cláusulas sociais nos procesos de licitación coma un instrumento para a promoción de políticas sociais. Estes procesos están abrindo camiño na Unión Europea e tamén nalgunhas Comunidades Autónomas coma a de Aragón que creou precisamente unha subcomisión parlamentaria que chama de Responsabilidade Social Corporativa para tentar incorporar ós procesos de contratación pública cláusulas sociais e que así se permita outorgar algunha puntuación a aqueles colectivos para que os xóves ou

persoas que están en situación de risco ou exclusión social poidan seren incluídos nestas cláusulas, sempre respectando a Lei de contratos das administracións públicas.

A moción propón neste sentido enriquecer os procesos de contratación deste Concello con cláusulas sociais coma pode ser por exemplo unha cláusula de preferencia ó desempatao para a contratación de persoas con minusvalías, ou unha cláusula de valoración para a contratación de persoas en situación de risco. Valoraríase a integración das sociedades que opten ós concursos en programas de incorporación socio-laboral ou que habitualmente subcontraten servizos con centros ou empresas cuxo obxectivo sexa a incorporación dos colectivos excluídos.

Sabemos da dificultade de incluír estas cláusulas e por iso a proposta da miña compañeira é: "Que polos servizos técnicos se elabore unha guía de cláusulas sociais para a súa inclusión nos procesos de contratación do Concello".

SR. SOTO FERREIRO: Con enorme brevidade independentemente de que a Sra. Sío defendeu excelentemente esta moción dun contido social estupendo, o único que quería dicir seguramente non é moi político pero me dá igual: Gustaríame moito ver aquí o máis axiña posible á Sra. Graña para que incorpore o seu traballo sempre positivo a este Concello como fixo ata agora. Polo tanto todo o noso agarimo que vaia cara ela para que o máis axiña posible estea aquí.

A PRESIDENCIA: Engadímonos todos ó desexo da súa pronta recuperación.

SRA. IGLESIAS BUENO: Dende o Grupo de Goberno agradecemos esta moción xa que coidamos que a incorporación de cláusulas sociais na adxudicación de contratos públicos revélase coma unha das alternativas de intervención con maior potencial de incidencia no ámbito das políticas sociais e de creación de emprego.

Isto supón a incorporación dun novo criterio de rendabilidade social engadido ó de rendabilidade económica e un cambio fundamental na concepción das políticas sociais en torno á pobreza e a exclusión social.

Polo tanto coidamos moi positiva a introducción destas cláusulas e consecuentemente a elaboración desta guía para á súa implantación porque se ben é certo que dende algunhas Concellería xa se ven incluíndo, coidamos

necesario que esto se faga de xeito xeralizado a todos os departamentos deste Concello. Moitas gracias.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Iglesias Carrera e López-Chaves Castro).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, instando a elaboración dunha guía de cláusulas sociais para os procesos de contratación do Concello.

16.- (118).-MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE Ó ANO 2003.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 12 de maio de 2005, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"A Oferta de Emprego Público do ano 2003 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno de 11.10.2004 e inclúe 65 prazas, delas 3 reservadas para discapacitados. Da totalidade das prazas, 27 adscribíense á Área de Seguridade, 5 ao cadro de Bombeiros e unha destínase a cubrir o posto de arqueólogo, actualmente vacante, feito que provoca graves paralizacións en expedientes de urbanismo e de patrimonio histórico ao non existir no cadro de persoal técnico cualificado para este fin.

A oferta, aprobada hai sete meses, non se publicou e tampouco nos consta que se redactasen as bases da convocatoria. No mes de febreiro xa puxemos de manifesto a paralización que sofre a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2003.

A situación vense agravando dende febreiro de 2005, cando xa manifestamos a paralización existente.

No tempo transcorrido a Oferta de 2003 non se couvocou. Aprobouse, o pasado mes de febreiro, o orzamento municipal para o ano 2005 e aínda non se aprobou a oferta correspondente a este ano. En igual situación atópase a Oferta de Emprego da Xerencia de Urbanismo, que se retirou en varias ocasións do orde do día do Consello da Xerencia.

O Goberno Municipal descoñece as carencias existentes en materia de persoal dentro da Administración Municipal, onde constantemente se están producindo vacantes, entre outras causas por xubilación e excedencia, e demostra a súa

incapacidade de tramitar a oferta pública de dous anos que permita a mellora dos servizos que sofren serias dificultades na súa xestión diaria como consecuencia de graves carencias de persoal.

Polo exposto propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que se proceda á convocatoria inmediata da Oferta de Emprego correspondente aos anos 2003 e 2005."

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Esta tamén é unha moción da Sra. Graña e quero agradecer no seu nome todo o grande interese dos corporativos e de moita máis xente e por iso dalgún xeito me pediu que parara un pouco ese interese porque coido que no hospital tiveron que tomar medidas debido a que moita xente tentou visitala. Agradecer polo tanto o profundo interese da Alcaldía, de toda a Corporación e paso á exposición de motivos desta moción que ten que ver coa Oferta de Emprego Público correspondente ós anos 2003 e 2005.

A Oferta de Emprego Público do ano 2003 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno o 11 de novembro de 2004, é dicir, 11 meses logo da toma de posesión do actual Goberno, para nos entender de que pasara o que pasou. Nela estaban incluídas 67 prazas, moitas de grande importancia e por subscribir algunhas, por preocupación obvia de quen lles fala e tamén de moitos Corporativos: 27 de policía local, 5 de bombeiros, 1 arqueólogo que está a praza vacante e dificulta enormemente algúns expedientes de Urbanismo, etc.; moitas prazas de grande interese para a xestión cotiá desta Corporación.

A Oferta aprobouse 11 meses logo da súa toma de posesión e 7 meses logo de seren aprobada seguen sen se coñecer as bases da convocatoria, non se publicou e dá a impresión de que está absolutamente paralizada.

A miña compañeira, Sra. Graña, preocupouse polo tema e por carta ós membros do Goberno no mes de febreiro, non obtivo ningún tipo de contestación. Alegrámonos que alomenos a presentación desta moción o 10 de maio servira para apurar as ansias do Goberno para avanzar no tema da convocatoria de Ofertas de Emprego porque semella que se chegou a algún tipo de acordo na Mesa de Negociación, segundo os xornais, inmediatamente logo de seren presentada aínda que fallan por negociar as bases e non está absolutamente nada publicado.

É dicir, 18 meses logo non sabemos nada da Oferta de Emprego do ano 2003 e da Oferta do 2005 sabemos que está aprobada en principio na Mesa de Negociación aínda que semella que hai algúns cambios e, malia que se

aprobou no mes de febreiro o Orzamento municipal para o ano 2005 por responsabilidade do Grupo ó que represento nestes intres porque obviamente coma Grupo de Goberno está claro que non se merecían a aprobación dese Orzamento, pero malia que a Oferta non era axeitada, está claro que nós tiñamos unha grande responsabilidade co interese da cidade porque peor sería nada, segue sen se coñecer absolutamente nada respecto a esta moción. Polo tanto está clara a incapacidade de tramitar unha Oferta Pública de dous anos (2003 e 2005) coa seria implicación que isto ten na xestión municipal que obviamente está lonxe de seren óptima. Por iso solicitamos a través desta moción que se proceda á convocatoria inmediata da Oferta de Emprego correspondente ós anos 2003 e 2005. Moitas gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Estas son as mocións que a calquera gobernante, a calquera membro dun Goberno gústalle que lle presenten porque poñen moi fácil a contestación.

Hoxe cando estaba repasando este tema pregunteime cómo hai responsables políticos que teñen tanta falla de información, de coñecemento dos temas municipais e mesmo nin o coidado de lle preguntar ós técnicos municipais cómo se chega a esta situación. Sr. Calviño, a todo o que dixo vostede do Goberno doulle a volta á moeda e dígolle que a irresponsabilidade, a ineptitude, a ineficacia, a falla de rigor foi de vostedes e voullo explicar.

No ano 2003 apróbase o Orzamento o 14 de xaneiro e traio datos: Boletín Oficial da Provincia. Durante todo ese ano non hai ningunha proposta de Oferta de Emprego e gobernaban vostedes, primeiro o BNG co PSOE a quen non responsabilizo porque é normal que ata mediados de ano xamais se faga a Oferta de Emprego pero coido que vostedes entraron no goberno no mes de xuño e tiveron todo ese ano para facer a Oferta de Emprego. Non son quen da concretar, nin de facer unha negociación cos sindicatos, nin nada que semelle.

É certo que nós tardamos en chegaren a un acordo cos sindicatos pero se pecha unha Oferta de Emprego do 2003. Cando a queremos publicar remítese un escrito do Subdirector Xeral da Función Pública Local que di o seguinte: "En relación coa Oferta de Emprego desa Corporación para o ano 2003 recibida a través da Subdelegación Xeral de Seguímentos, Acordos e Resolucións do Ministerio da Presidencia, comunícolle que as ofertas de emprego público corresponden ó período que as define e concreta...", é

dicir, ano en curso, polo tanto a partir do 1 de xaneiro de 2004 xa sería imposible facer a oferta de emprego. "...entendendo esta Unidade que decae o non executado de ofertas anteriores". Polo tanto o Ministerio de Administracións Públicas non publica a oferta de emprego pactada, é dicir, a partir do 31 de decembro decaía esa proposta.

Polo tanto contéstase única e exclusivamente con este escrito ó que vostedes fixeron, é dicir, non fixeron absolutamente nada.

No ano 2004 saben todos vostedes que non hai orzamento. Cun orzamento prorrogado non se pode facer Oferta de Emprego. No ano 2005 aprobouse o orzamento hai dous meses e hai un acordo xa cos sindicatos de crear 171 postos de traballo dentro desa oferta de emprego.

Saberán todos vostedes se len a orde do día da Xunta de Goberno que hoxe vai a Relación de Postos de Traballo e a partir daí, a próxima semana estamos en disposición de aprobar a Oferta de Emprego do ano 2005 con 171 prazas que é a maior realizada no Concello de Vigo na súa historia.

Polo tanto, Sr. Calviño, penso que seguramente vostede non coñecía estes datos pero se quere lle remito este escrito do Subdirector Xeral de Administracións Públicas.

Se vostedes fixeran o seu traballo, se cando chegaron se preocuparan deste tema seguramente estarían en condicións de chegaren a un acordo, pero non foron quen porque estaban noutras liortas, senón seguramente habería agora 65 e pico postos de traballo máis. A ineficacia e irresponsabilidade de vostedes levounos a esta situación.

Fálolle con datos e non de memoria. Non é un tema subxectivo noso, é obxectivo, dío claramente o escrito: "Comunícolle que as ofertas de emprego público corresponden ó período que as define e concreta". Vostedes ou o Goberno daquela aprobou ademais o orzamento coido que non só nunha data razoable, senón das máis adiantadas daqueles anos, 14 de xaneiro de 2003.

Polo tanto aplíquese o conto, bótelle a culpa ós seus responsables de Persoal e saiba que por iso lle dicía que a un membro do Goberno cando lle presentan estas mocións dalle satisfacción contestalas. Moitas gracias.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Mentres estabamos, segundo vostede, naquelas liortas, nas que por certo vostedes acirraron todo o que poideron, estabamos examinando para cumprir as Ofertas de Emprego Público dos anos 2001 e 2002, por certo que un grande número de prazas. Estabamos practicamente todas as semanas examinando unha Oferta Pública que se cumpríu durante os escasos 6 meses nos que gobernamos.

Pero é que eu non sei se os técnicos de Persoal cando enviaron ós Boletíns a convocatoria de emprego pedían ese dato de estaren dentro do ano 2003, pero obviamente cando o fan é porque posiblemente non tiñan ese dato e podereilles dicir que ante algo tan importante coma iso, se vostedes coñeceran tamén que tiña que ser dentro do ano 2003, vostedes tiveron vintetantos días para facer esa Oferta pública.

Non se rían porque sei que os responsables da Mesa de Negociación estiveron detrás de vostedes permanentemente para que se levara canto antes esa Oferta pública. Repito que estabamos levando a cabo a Oferta Pública do ano 2000-2003.

Non me comparen vostedes 6 meses coas liortas das que falan cos 11 meses en que tardan vostedes en levar a oferta á Xunta de Goberno, 7 meses máis sen avanzar para nada no tema das bases e por suposto os meses que levamos dende que está aprobado o Orzamento sen que tampouco saibamos nada da Oferta do ano 2005.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que o Sr. Calviño se contestou el só e polo tanto non vou intervir máis. Imos votar en contra loxicamente desta proposta. No fondo do tema de levar a cabo a do 2005 estamos de acordo pero non na crítica e polo tanto imos votar en contra.

(No momento da votación está ausente o Sr. Iglesias Carrear).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con nove votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, López-Chaves Castro, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, sete abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, e seis votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Pérez Mariño, Ruiz Cenicerós e Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, instando a convocatoria da Oferta de Emprego Público correspondente ós anos 2003 e 2005.

Explicación de voto do cincelleiro Sr. Toba Girón, polo grupo municipal do BNG:

En primeiro lugar dicir que en xuño de 2003 quedou toda a documentación preparada para que o seguinte responsable de Persoal publicara a Oferta de Emprego. Estaba todo perfectamente preparado e quen diga que non que vaia á documentación do departamento porque quedou todo preparado, pendente dun último tramo de negociación que non se quixo pechar por responsabilidade política porque estaban as eleccións municipais enriba da mesa. Iso téño que deixar claro por se acaso. A ineficacia posterior correspóndelle a quen teña que responder dela.

Pero en todo caso a abstención do noso Grupo deriva de que na nova Oferta de Emprego, como non pode ser doutro xeito, o que vai facer o Goberno municipal é recoller a Oferta de Emprego Público do ano 2003, Sr. Figueroa, e complementar coa Oferta de Emprego Público derivada do Orzamento de 2005. Pois ben, a nosa abstención deriva non obviamente da Oferta de Emprego Público do ano 2003 que conformamos nós e deixamos preparada para que se publicara se había responsabilidade política, senón da diferenza que mantemos a respecto da Oferta Pública que deriva do Orzamento do ano 2005 por unha previsión orzamentaria e que xa no debate do Orzamento, como vostedes lembrarán, criticamos contundentemente porque é unha oferta de capítulo I cara, ineficiente, que non crea emprego público, na liña da que xa realizou o Partido Popular na súa anterior etapa de Goberno co apoio do Partido Socialista.

17.- (119).-MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PG, BNG E PSDEG-PSOE,
SOBRE INCUMPRIMENTO DOS ACORDOS PLENARIOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 23 de maio de 2005, os voceiros dos Grupos municipais do PG, BNG e PSdeG-PSOE, Sres. Soto Ferreiro, Domínguez Olveira e Pérez Mariño, respectivamente, formulan a seguinte moción:

“Dende decembro de 2003 este Pleno da Corporación adoptou diversos acordos propostos polos grupos políticos da oposición que versan sobre cuestións que afectan directamente aos cidadáns de Vigo: infraestruturas, saneamento e abastecemento; actuacións urbanas; limpeza; ordenación do tráfico; transporte colectivo; patrimonio histórico; equipamentos culturais; dotacións docentes; servizos sociais e asistenciais, etc.

O cumprimento de tales acordos corresponde ao Goberno municipal, xa sexa mediante a súa execución directa ou negociando coa administración competente. Obriga que no caso do Concello de Vigo aínda é mais imperativa

porque practicamente a totalidade das mocións aprobadas foron votadas favorablemente polo Grupo municipal do PP.

Non obstante o Goberno do PP ven incumprindo a maior parte dos acordos adoptados, demorando negligentemente a súa execución cando o Concello é o directamente competente e absténdose da máis mínima actividade reivindicativa cando a competente é a Xunta de Galicia. Nos casos máis fragrantemente simplemente ten obviado a existencia dos acordos plenarios, como se nunca foran adoptados. Dita actuación omisiva non só afecta aos acordos aprobados a instancia da oposición, senón mesmo ás mocións propostas polo PP cando non tiña responsabilidades de goberno.

O incumprimento consciente ou negligente de acordos plenarios pon da manifesto a realidade do actual Goberno municipal, que se centra exclusivamente nunha mera política de xestos e imaxe. O Goberno do PP responde ás chamadas ao consenso cun manifesto e antidemocrático desinterese polas iniciativas dos grupos municipais da oposición; e fronte a ficticia imaxe de axilidade na labor de goberno a cidade atópase cunha auténtica incapacidade de xestión.

Polo todo o anterior, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno municipal para que execute de modo inmediato e nos seus propios termos a totalidade dos acordos adoptados polo Pleno desta Corporación."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de maio, quedou enterado do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Quero dicir que nós xa tiñamos a idea de presentar unha moción semellante cando se nos invitou a formar parte da conformación desta moción.

O meu compañeiro, Sr. Alonso, que foi quen mo dixo en primeiro lugar, comentoume iso de "xa cho dixera eu hai dous meses" e tiña razón.

Polo tanto quero dicir que nós asinamos convencidísimos esta moción porque coidamos que vostedes en moitos casos non prestan suficiente atención ás mocións que lles facemos e noutros, ¿por que non o dicir? dame a impresión de que votan porque si para non ter problemas pero logo realmente non lles vexo intencionalidade política das cumprir.

En todo caso coma poderíase dicir que é un xuízo de intencións, voume quedar coas que obxectivamente non cumpren.

Non vou falar das dos demais Grupos, cada quen falará das súas pero nós si lles podemos falar dunha serie de mocións que presentamos e vostedes non cumpriron. Se queren noutro momento lles pasaremos a relación concreta porque espero que vostedes corrixan esta deficiencia de xestión.

Para lles dar a título de exemplo unha moción que presentou o meu compañeiro, Sr. Alonso, sobre a esixencia a Fenosa para tomar medidas concretas ou mesmo proceder contra Fenosa polo tema dos cortes eléctricos en distintos lugares da cidade de Vigo; unha moción sobre carrís de bicicletas que si se aprobou pero que non se cumpríu; ¿ónde está o Plan de emerxencias municipais? Está votado pero ¿en qué sentido está desenvolvido? Sobre a estrada de Bembrive temos unha moción do ano 2004 e dixéronnos que si, que ían actuar; é unha estrada que está a facer a Deputación por un convenio con vostedes e a estrada está sen rematar coido que dous anos despois coma mínimo. Cando presentamos esa moción a obra levaba paralizada non sei cantísimos meses e aínda hoxe está sen rematar a obra, un ano despois; é unha estrada curtaña e que se podería facer ben pero iso vai a paso de tartaruga e os que pasamos por alí todos os días podémolo comprobar.

Sobre os aliviadoiros fronte as rúas Coruña e Alcabre non coñecemos o resultado das xestións. Sobre a implantación dunha área deportiva na Miñoa dixeron que si e votaron pero nada. O monumento ós mariñeiros mortos: hai unha moción do Sr. Alonso que se presentou á Corporación sobre erixirlle un monumento ós mariñeiros mortos que se votou a favor ¿ónde está a súa xestión? ¿ónde está a súa realización? Sobre a construción dun centro de día tamén fixemos unha moción que se aprobou. Sobre os vóos de baixo custo tamén formulamos unha moción e ¿ónde están os resultados das súas xestións? Tamén sobre a conservación dos dolmens da Madroa.

Insisto en que non lles vou dicir máis cousas. Estas mocións están citadas a título de exemplos e nin lles pido que me concreten unha a unha no Pleno pero si lles vou pasar a relación logo deste Pleno para reiterar a nosa petición de que se cumpran e en todo caso espero que vostedes presten unha actitude máis dilixente para coas mocións que se voten no Pleno. Voten mocións cando honestamente coiden que poden e deben cumprilas, senón voten en contra polas razóns que coiden axeitadas e en todo caso se votan a favor poñan a maquinaria municipal para as cumprir. Senón as deducións só poden ser dúas: ou non as queren cumprir e dalles igual ou non as saben cumprir.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O sentido desta moción cae de caixón.

No caso concreto do Bloque Nacionalista Galego referente ó seu mandato, dicir que presentamos a este Pleno da Corporación un total de 94 mocións que se aprobaron por unanimidade da Corporación e polo tanto que tamén se aprobaron polo propio Goberno do Partido Popular.

Coidámonos moi moito de revisaren os datos, de veren mocións, de veren en qué estado se atopaban e nestes momentos chegamos á conclusión de que o 65% destas mocións non están ou alomenos que nós teñamos novas no referente a que cando hai unha moción e faise unha xestión loxicamente sempre se comunica, ou iso é o que se facía sempre, ou alomenos así faciamos nós cando gobernabamos; a súa conclusión comunícaselle á parte que presenta dita moción. Igual que se fai en ocasións cando un fai unha pregunta e para que non chegue a Pleno contéstase antes do Pleno dicindo que o tema está solucionado.

Polo tanto falamos dun 65%, pero é que ademais vostedes están empregando unha táctica que xa ven sendo ademais repetida ata a saciedade e vou ler textualmente un titular de prensa: "Deixan ó Concello sen cartos e pídennos resultados" ¿Sen cartos? Quérolles lembrar, señores do Partido Popular, que vostedes teñen aprobados os orzamentos, que lles permitiron aprobar os orzamentos deste ano e loxicamente neses orzamentos é única e exclusivamente responsabilidade de seu priorizar os temas que teñen que acometer e así fixérono, priorizaron unha serie de temas.

Pero vou poñer un exemplo da táctica que diante da incapacidade para resolver certas cuestións vostedes están empregando. O día 15 de abril, leo outro titular textualmente: "Porro acada o total apoio de Louzán que investirá 1,8 millóns en novas beirarrúas. Rafael Louzán e Corina Porro asinaron o convenio que prevé novas beirarrúas en 16 rúas. As obras iniciaranse de inmediato". Isto é do 15 de abril. O 25 de maio cando rematamos de presentar esta moción conxunta a Alcaldesa di: "Nesta liña lembra que no devandito Pleno de abril os nacionalistas defenderon e aprobouse unha moción para o arranxo de beirarrúas e diversos servizos por exemplo na avenida Atlántida e que por esta razón de que nos deixan sen cartos non se pode executar". Isto dise o 25 de maio, pois cando se anuncia un mes antes ese convenio ¡que casualidade! temos aquí unha foto moi ben feita onde se explican todos e cada un dos investimentos e aparece a avenida Atlántida: 23.165 €; isto en abril. En maio críticannos dicindo que esa moción non ten sentido porque non hai cartos e ademais a señora Alcaldesa cita concretamente a avenida de Atlántida, está aquí a non seren que minta a fonte que a vou citar: Diario Atlántico, 15 de abril de 2005; a non seren que isto non sexa verdade, aquí aparecen reflectidos nese convenio os cartos para a avenida Atlántida. Pero este é un exemplo e pódense poñer outros máis.

Polo tanto eu penso que hai que deixar xa de se queixar e o que hai é que ter iniciativa política para acometer as demandas, preséntanse fundamentalmente a instancias do que os veciños e veciñas demándannos ós responsables políticos, ós que imos polos barrios, ós que escoitamos á cidadanía, recollemos esas demandas e son as que poñemos no Pleno da Corporación.

Ademais cando veñen aquí esas demandas que atinxen á vida diaria, ás cousas pequenas pero que afectan á calidade de vida dos nosos veciños e veciñas en barrios e parroquias, o Partido Popular vota a favor seica porque non se quere crear problemas e logo evidentemente non cumpre esas mocións. Pero é que ademais e para incidir máis na súa falsa táctica que quere tapar esa ineficacia, vou dicir que polo que respecta ó BNG o 90% desas mocións non son de cartos, son mocións de xestión e polo tanto hai unha cousa fundamental: cando un goberna e cando un ten responsabilidade de goberno se debe preocupar fundamentalmente de xestionar. Pero vostedes nestes momentos, e levan xa uns meses así, a súa prioridade é máis a dos medios de comunicación, a das fotos, a da propaganda que a primeira obriga que ten que ter un Goberno que é a de xestión. O 90% desas mocións son de xestión e lembro algunhas aínda que non vou dicir todas para non os cansar.

O Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción na que se pedía que se redactara un Plan Director de Saneamento, tan importante e necesario para esta cidade. Nada de nada.

O Bloque Nacionalista Galego logo da moción do Partido Galeguista e nos últimos cortes eléctricos nesta cidade tamén solicitou que se lle empezara a poñer enriba da mesa un expediente sancionador a Fenosa ou polo menos que se iniciaran estas cuestións. Pois nada de nada.

O Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción na que se requiría que se xestionara por parte do Goberno municipal cos aparcadoiros privados desta cidade. Había dúas partes nesa moción, unha era que en todos os pregos novos se recollera o pagamento real por tempo real e que tamén se xestionara con outros aparcadoiros desta cidade a posta en marcha desta medida que por citaren un exemplo en Santiago de Compostela xa se iniciou e xa se fixo esa xestión. Pois nada de nada.

Hai case un ano ou máis tamén o BNG presentou unha moción na que se instaba ó Goberno municipal a que fixera unha campaña publicitaria e de información sobre o transporte público desta cidade, que se recollera a información das novas liñas, que se informara á cidadanía sobre o billete de transferencia, sobre o bono-bus, etc. Pois nada de nada.

O BNG tamén presentou unha moción e esta si que nos semellaba naquel momento dunha tremendísima urxencia e agora aínda máis. O BNG trouxo a este Pleno da Corporación que se creara unha comisión para o seguimento dos problemas que as obras do segundo cinto están a ocasionar ós veciños e veciñas. Aínda hoxe estamos vendo eses problemas. A comisión non está formada e se se formou foi sen a presenza dos Grupos políticos ou polo menos do noso porque ninguén nos convocou a tal comisión.

Arranxo en parroquias, arranxos urxentes en Candeán. Alertamos da urxencia que tiña acometer a obra dese muro que está caíndo, a derruba do palco e demais. Albergue social que coido que o citaba o Sr. Soto antes, téñeno vostedes orzamentado e estamos practicamente no mes de xuño e non sabemos coma está ese expediente, non sabemos se realmente se iniciou, pero agora iso si, a présa e correndo imos facérmonos a foto do anteproxecto do cuarto hospital e isto vostedes téñeno orzamentado.

Repito que podería seguir citando algunhas máis pero en resume o que está claro, señores do Goberno, señores do Partido Popular, respecten vostedes a este Pleno, o Pleno é o máximo órgano de representación dos cidadáns e das cidadás, o Pleno é o máximo órgano democrático porque estamos aquí representando a aqueles homes e mulleres de Vigo que nos votaron e polo tanto respécteno, non utilicen ó Pleno da Corporación de mero colchón no que se vota a favor para non crear problemas e logo non se respectan estas decisións.

Polo tanto que as súas prioridades sexan xestionar este Concello, dar servizo e resposta ás demandas da cidadanía e cando así o fagan, igual que o facemos agora pola contra, o BNG será o primeiro en lles aplaudir esa xestión.

SR. PÉREZ MARIÑO: A intención deste Grupo cando participou co Partido Galeguista e co Bloque na presentación desta moción vai un pouco máis aló dos aspectos concretos das resolucións incumpridas.

Neste Concello e nesta cidade dase unha situación atípica na que goberna un Grupo que non ten a maioría, que ostenta unha maioría minoritaria e que goberna e ademais dase unha situación atípica dende o punto de vista estatístico na que a oposición lle aproba os seus orzamentos, as ordenanzas e permítelle gobernar.

Miren vostedes, estamos aquí para que a cidade se governe e por iso permitimos ós que son os nosos adversarios políticos que gobernen con todos os elementos e todos os instrumentos para acadar que a cidade mellore. Xa

chegará o momento de lles pedir contas cando se presente unha renovación da Corporación por calquera das causas que é posible legalmente, sexa por eleccións ou sexa por algún tipo de censura que se lle poida formular no seu caso.

Pois ben, puxémoslles todos os elementos nas súas mans para que gobernen. Non coñecerá vostede, señor Tenente de Alcalde e Alcalde en funcións neste momento porque quizais a señora Alcaldesa tivo algo máis importante que o Pleno da Corporación para se ir, non terá vostede nova de moitas cidades nas que pase isto, que lles aprobamos a vostedes os orzamentos e as ordenanzas municipais para que gobernen, para que non haxa ningunha desculpa nin posibilidade de dicir nun futuro que non lles deixamos gobernar. Pedímoslles en troques moi pouco: que gobernen e que respecten tamén á oposición.

Cando vostede, Sr. Figueroa, estaba sentado no banco dos corporativos hai uns momentos, sacouse da manga un papel da Subdirección Xeral de Administración Local e manifestou que era das mocións que lle da gusto que lle presenten porque son fáciles, eu fixen outra reflexión: Mágoa que non nos enviaran ese papel anteriormente porque é o papel que ven á Corporación, ó Grupo que preside o Goberno e a Sra. Graña dirixiuxe por carta en varias ocasións preguntando pola oferta de emprego sen ter resposta. Mágoa que non nos informen.

No Pleno de agosto de 2004 presentouse unha moción por esta parte para que se lles notificase ós Grupos todos os decretos ou resolucións dictados pola Alcaldía. A Lei de grandes cidades permítelles a vostedes gobernar practicamente sós e queda un exercizo de control e de aprobación de determinados aspectos por parte do Pleno.

Deberan vostedes estar encantados de que presentemos mocións porque todas as mocións que presentou o Partido Galeguista, o Bloque e máis nós son mocións constructivas e deberan vostedes estar encantados desta colaboración que facemos e de que cantas máis mocións se presenten mellor será para a cidade de seren aprobadas.

Pero no sistema democrático tamén hai que acatar as mocións que a un non lle gustan. Por exemplo esta mañá votamos unha que a min me tocaba dun xeito cercano: o problema de felicitación ou non ós Maxistrados, etc. Pois ben, vostedes votaron, quizais por razóns diferentes pero do mesmo xeito ca nós, pero o democrático é que vostedes saian aquí e, con independencia de quen se absterera, se faga caso de quen gañou a votación da moción do

Bloque Nacionalista Galego e se dirixa unha felicitación ós Maxistrados con independencia de que nos guste ou non.

Ademais e como lles dicía o Sr. Domínguez Olveira coma mínimo lle comuniquen ó Grupo que presentou a moción cal é o resultado da mesma. Nós presentamos 36 mocións o pasado ano; que eu saiba non temos coñecemento nin se nos dixo se xa se cumpriron as resolucións.

Non é un problema de traerlles aquí a vostedes unha resolución ou un listado, como fixo todo o mundo, das mocións e do seu grao de cumprimento; é un problema, permítanme que o diga, de talante democrático.

Vostedes ostentan lexitimamente porque teñen os votos o poder municipal pero iso non quita para que haxa un órgano superior que é o órgano plenario e nese órgano pedímoslle constructivamente unha serie de mocións ó longo do tempo. Deberían vostedes estar encantados, non debería vostede estar feliz sacando un papel debaixo da chisteira dicindo que nesa resolución que vemos se di que xa non se pode facer; ó mellor vostede evitaríanos a moción e daríanos máis coñecemento porque cando nós presentamos unha moción pedindo algo sobre a Oferta de Emprego Público non a presentamos contra ninguén, presentámola a favor de alguén.

En xeral non lle gustan a vostede as mocións pero polo que se ve lle gustan demasiado esas coas que pode quedar con maiores datos. Non é o problema de gañar ou perder, é o problema de construír e todas as mocións que se presentan neste Concello por parte dos Grupos son mocións constructivas.

Cambien vostedes de actitude. Non lle deben vostedes nada a ninguén por estaren no Goberno, quizais si ó que vostede chamou pexorativamente liortas ou desencontros democráticos pero non lle privan a vostede do carácter lexitimo do poder municipal que ostenta o Grupo do Partido Popular, pero iso tampouco pode impedir que vostedes non fagan unha reflexión sobre o cumprimento das mocións con humildade e sobre todo non fagan un propósito de emenda que lles leve ó cumprimento das mocións de agora en diante porque así debe ser e porque así é bo que sexa.

SR. FIGUEROA VILA: Imos dar os datos reais porque loxicamente nós tamén temos unha versión totalmente distinta da que vostedes están formulando.

Nesta Corporación segundo os datos que nos constan aínda que poida haber algún erro, o BNG presenta 89 mocións (din 94, seguramente pode haber algún erro) trasladadas a outras administracións 40, retiradas 9.

O Grupo municipal do Partido Socialista presenta 36, 13 a outras administracións e 3 retiradas. O Partido Galeguista presenta 38, 20 a outras administracións e destas 38, 4 están retiradas.

É dicir, nós sumamos 162 mocións que presentaron os Grupos políticos durante este tempo de goberno do Partido Popular.

Do 45% das mocións deuse conta dende Secretaría a esas outras Administracións instando a cuestións que se presentaron nesta Corporación. O 37% do 55% que queda están executadas ou en estado de execución porque moitas delas dependen dos orzamentos de 2005 no que están contempladas partidas.

Sr. Soto, o Plan de emerxencia está no orzamento. A estrada de Bembrive estase executando. Estoulle dando datos para contestar a algunhas cuestións concretas, non vou contestar a todas aínda que temos as contestacións das 162, témolas unha a unha porque as estudamos. A estrada de Bembrive estase executando e non só iso, senón que se ampliou o orzamento para lle poñer alumeado e fixéronse beirarrúas ata Beade, no límite da estrada da Universidade; coido que vostede o sabe perfectamente. Non só é que se fixera iso, senón que se está facendo o dobre do que vostede propoñía.

A Miñoa. Vostede sabe se mirou o orzamento que no Capítulo VI de investimentos vai unha partida para unha instalación deportiva na Miñoa, está en Patrimonio e Contratación para sacar a concurso. Non sei a qué centro de día se refire pero hai un centro de día tamén contemplado dentro dos propios orzamentos. Estou contestando a algunhas delas.

En canto a outras mocións que se puxeron enriba da mesa coma a do Plan director de saneamento, coido que é descoñecer a situación. A Xunta de Galiza ten nestes momentos un estudo xeral e asinouse un protocolo de convenio con este Concello para facer un Plan Director non só para esta cidade, senón para toda Galiza no que está incluído Vigo.

Pero a maiores diso vostedes saben que se asinou un convenio de saneamento con Aqualia, cun investimento de 6 millóns de euros onde está o saneamento de Zamáns, o telecontrol da depuradora e de todos os saneamentos da cidade e dunha serie de obras máis coma Bembrive, Cabral, etc. Entón coido que non é que estea cumprida a moción, é que se está dando conta dela pero a maiores se están facendo investimentos importantes na nosa cidade ou ¿non é certo que nestes momentos estamos rematando o saneamento en Valladares que tamén foi unha xestión deste Goberno coa Xunta de Galiza? ¿Non se vai adxudicar proximamente o saneamento de Zamáns completo? ¿Non está no contrato o telecontrol da depuradora para que non teñamos máis problemas e

saibamos o que pasa ó minuto en que está acaecendo para controlar á empresa? ¿Non está en marcha o saneamento de Bembrive nestes momentos que tamén ten Aqualia no seu contrato? ¿Ou rematar tamén o saneamento de Cabral e unha serie de obras menores coma tamén é a de mellorar a depuradora de Teis, etc.? Coido que vostedes coñecen iso perfectamente.

Polo tanto non é que se estea dando conta destas mocións, é que se está facendo moito máis do que vostedes están pedindo. Seguramente a cuestión é que hai que lles trasladar toda esta información, pois é no único que coido que temos que asumir que cometemos un erro por non lle trasladar toda esta información ós membros da Corporación, pero partimos da base de que vostedes len as Xuntas de Goberno, estudan os Plenos coma facemos todos os demais, as Xerencias de Urbanismo, etc., aqueles órganos executivos dos que vostedes teñen coñecemento ó día do que se está aprobando.

En canto ós aparcadoiros é certo que se fixeron reunións por parte da Concellería-delegada de Seguridade e Tráfico pero hai dificultades que se van corrixir nos próximos pregos. Pregos que xa lles anuncio que pactaremos con todos os membros da Corporación. De momento contratouse na Xunta de Goberno ampliar os estudos que xa tiña a Concellería de Seguridade e Tráfico, a partir daí vaise facer un seguemento e a maiores vaise trasladar ós medios de comunicación.

En canto a outras cuestións como pode ser a de Fenosa, pois remitíuselle por escrito, a Alcaldesa falou persoalmente co Delegado de Fenosa poñéndolle enriba da mesa a situación que padecía Vigo e todos vostedes saben que se aprobaron as modificacións para trasladar a subestación porque xa temos a Sentenza para O Castro. Coido que esa xestión vai resolver un dos problemas importantes da nosa cidade. ¿Descoñecen vostedes iso? Supoño que non porque pasou pola Xerencia de Urbanismo e por outros trámites, mesmo por este Pleno.

En canto á Comisión do segundo cinto téñolles que dicir que eu me reuno case todas as semanas cos colectivos de veciños e é certo que hai dificultades pero tamén saben que dende esta casa hai dous técnicos facendo o seguemento do segundo cinto e cada vez que recollen unha información, remítese ó Ministerio de Fomento ó momento e remitireilles todos os informes porque debe haber un dossier de máis de 500 ou 600 páxinas mesmo con fotografías de toda a situación e o proceso do segundo cinto, polo menos dende que estamos nós no goberno ata o día de hoxe. Podo dicirlle que hai fotografías semanais do que está a pasar no segundo cinto e que se está remitindo ó Ministerio de Fomento ó momento. Tan pronto coma nos chega esa

información, hai dous técnicos na casa única e exclusivamente para facer o seguemento do segundo cinto e os veciños, á marxe de que isto se poida ou non resolver, saben que isto é certo porque están en contacto permanente con eles.

Tamén é certo que dende outras administracións (non quería abrir este debate) obvian a nosa representación e o que significa o Concello de Vigo no segundo cinto. Pero lle podía poñer moitos máis exemplos coma estes dos que estou falando.

O 37% do 55 que queda das mocións está en execución ou en estado de execución e é certo que hai un 18% que está pendente de executar, pero tamén vostedes saben e non é entrar na desculpa nin na xustificación, que para a maior parte dese 18% que está sen executar nós tiñamos unha modificación de crédito e non é trasladar o debate, Sr. Domínguez Olveira, a buscar unha xustificación, é a realidade porque se vostede colle as súas mocións a maior parte delas quedarían cubertas con esta modificación de crédito e se quere llo repito.

Hai unha moción para recuperar o Bernardo Alfageme, pois está nesta modificación de crédito, que por certo aprobaron esa parte e que se está executando. A rehabilitación do muro do estanque de Castrelos, o reforzamento do muro de Castrelos, a musealización da finca Mirambell a maiores, melloras en beirarrúas da nosa cidade por importe de un millón de euros.

Hai unha elevada porcentaxe das mocións que vostedes presentan que están recollidas nesta modificación de crédito, non estamos inventando absolutamente nada; a urbanización de Barreiro que tamén foi unha moción que se presentou nesta Corporación, tamén está reflectida aquí con 832.000 euros; a alameda de Bouzas sobre a que tamén fixeron unha moción para tentar recuperala tamén está contemplada con 300.000 euros; sobre a Praza da Independencia sobre a que tamén hai queixas, aínda que non nunha moción pero si dos veciños polo tema da pavimentación, tamén está contemplado aquí. Para as obras do rural hai outro millón de euros máis e para mocións de melloras de beirarrúas que vostedes presentaron.

Tamén está o tema da reparación urxente eléctrica; o céspede de Balaídos tamén foi unha moción que vostedes presentaron e coma non había cartos houbo que lle pedir ó Real Clube Celta que fixeran eles o investimento e agora temos unha débeda co Clube que nesta modificación de créditos tamén estaba contemplada para tentar subsanar.

Parques infantís, alumeado no rural, cambios no alumeado, praza pública do Berbés que tamén é unha moción que se presentou aquí ou esquecemos que houbo unha moción presentada para recuperar a zona de lecer que había enriba do Pavillón do Berbés que está nunhas condicións lamentables e que seguramente haberá que facer por modificación ou por procedemento negociado, por un procedemento de urxencia porque calquera día podemos ter problemas.

Mobiliario urbano en prazas, mellora da igrexa de Bouzas, mellora da zona de Churruca, barandas, actuacións en todo o rural, obras de mellora nos centros das asociacións de veciños, mobiliario dos centros das asociacións de veciños, primeira fase do centro de Saiáns, UBAs de Teis, Plan de Drogas... Coido que bastante dese 18% das mocións poderíase acometer sen ningún tipo de problemas.

Se vostedes están falando de que o 45% das mocións que se presentaron aquí pertencen a outras administracións, nós podémoslles dicir que ese acordo está cumprido o 100%. Ese 45% do que estamos falando de perto de 75 mocións están todas cumpridas, seguramente que hai un erro pola nosa banda que é o de non lles dar a vostedes comunicación de onde foron remitidos todos eses acordos, pois non se preocupen que o faremos pero esas están cumpridas ó 100%.

Do 55% restante que quedan o 37% están executadas ou en estado de execución porque vostedes comprenderán que aínda estamos no mes de maio e que levamos dous meses cos orzamentos aprobados. Pódolles asegurar que o 100% dese 37% executarase porque hai consignación orzamentaria para o poder facer.

É certo que nos quedan cousas pendentes, en torno a un 18-20%, estaríamos falando de 28-30 mocións que son precisamente para as que realmente necesitaríamos orzamento para as levar a cabo.

Por suposto que o Goberno cando vota as mocións fai un seguemento e cando vota estas mocións ten a intención das cumprir, non é unha posta en escena, non é unha situación puramente de enarbolar a bandeira do consenso e do diálogo, para nada e contéstolles a todos que baixo ningún concepto podemos permitir iso. Nós cando votamos as mocións estamos convencidos dese cumprimento.

Eu dáballle datos de beirarrúas que se están acometendo. Coido que en canto a beirarrúas e en obras de mellora tanto no centro da cidade coma no rural este Goberno está dando mostras da sensibilidade que ten, dos investimentos que se están facendo non só dende o propio Concello, senón mediante convenios con outras administracións. Vostedes saben o que se está facendo

co convenio de 2005 para mellorar o contorno de todo o centro da cidade; pero tamén saben que para Travesía de Vigo nestes momentos están en período de licitación 900.000 euros; saben que para Coia temos unha parte de cartos da Deputación e estamos a falar doutro millón de euros aproximadamente; saben que para o centro de Vigo, para rematar Velázquez Moreno, Alfonso XIII, Cervantes, etc., hai convenio tamén coa Deputación; saben que para a rúa Tui e algunhas máis de Coia tamén hai convenio coa Deputación; tamén saben que na modificación de crédito levabamos cartos para estes cambios na zona de Travesas e Coia e vostedes tamén saben que para o rural había nesta modificación perto de dous millóns de euros para melloras de beirarrúas, viais, etc. Tamén saben que a Deputación está colaborando en melloras de camiños en todo o rural da nosa cidade; tamén saben vostedes porque así o dixen anteriormente que se está rematando o saneamento de todas as parroquias da nosa cidade.

Polo tanto se non se cumpre algunha moción, se algunha nos pode quedar atrás non é porque este Goberno non teña a vontade do poder facer. Coido que debemos estar tremendamente satisfeitos os membros do Goberno do cumprimento dos acordos das mocións. Pensen vostedes que estamos falando de que xamais na historia desta cidade se presentaron tantas mocións nos Plenos, xamais.

É certo que é normal porque este Pleno agora mesmo é o foro político da nosa cidade, antes tiña outras atribucións máis executivas pero ultimamente coa entrada da nova Lei de grandes cidades, a Xunta de Goberno ten seguramente máis capacidade de xestión e de execución dos proxectos que levamos a cabo, pero coma se presentan tantas mocións coido que o grao de cumprimento que lle está dando o Goberno á maior parte das propostas que fai a oposición é excelente, é razoablemente alto e así demostráremolo. Cando rematemos o ano demostraremos que o cumprimento da maior parte das mocións está case no 100% se vostedes nos deixan facer algunhas destas modificacións.

Pasa que igual tamén é certo que o Goberno comete un erro; cando vostedes presentan unha moción e non hai consignación orzamentaria coma se deu o caso, o mellor que podemos facer é poñer un apartado engadido que diga: consignación orzamentaria con cargo ós remanentes de Tesourería; é o mellor e o que imos facer a partir de agora e a ver se vostedes o votan e entón vincularemos a moción que vostedes presentan a ter a consignación orzamentaria correspondente porque cartos hai suficientes, hai perto de 38

millóns de euros en remanentes de Tesourería que poderemos utilizar algunha parte deles para mellora da cidadanía.

Polo tanto xa lles anuncio que o Goberno vai coller o reto, primeiro do cumprimento do 100% destas mocións, pero tamén lles dicimos algo que imos poñer enriba da mesa: no próximo Pleno traeremos todas aquelas mocións que vostedes presentaron e que non teñen consignación orzamentaria cunha vinculación ó remanente de Tesourería para que se poidan cumprir, para que vexan que nós queremos cumprir o 100% desas mocións e a partir de agora todas aquelas mocións que precisen consignación orzamentaria vai ser o mesmo procedemento. Esperemos que vostedes se presentan unha moción e non hai consignación orzamentaria tamén aproben a vinculación ós remanentes porque é o único xeito que temos agora mesmo de sacar cara adiante a posibilidade deses proxectos ou propostas que fan vostedes con esa consignación orzamentaria.

Seguramente que eses sexan os dous únicos erros que teña o Goberno: primeiro, non lle remitir a vostedes todas esas xestións que estamos facendo, que é certo que o imos recoller e xa a Alcaldesa nos deu directrices a todos os concelleiros-delegados para que lles traslademos a todos vostedes o estado de execución en que están as mocións, pero o mesmo tempo xa lles anuncio que aquelas mocións que vostedes presenten van ter un último apartado onde se diga que se vinculan ó remanente de Tesourería para facer unha modificación de crédito que terá que aprobar este Pleno.

Esa é a contestación que lles quere dar o Goberno. O Goberno non se ri da oposición, o Goberno sabe que a oposición é unha parte importante dentro desta cidade, sabe o que quixeron os cidadáns nas últimas eleccións e para chegar a tentar buscar proxectos importantes para a cidade hai que acadar os consensos porque coma aquí ninguén ten maiorías, lóxicamente necesitámonos uns dos outros para poderen sacar cara adiante esta cidade. Esa é a cidade que queremos, baseada no diálogo, no consenso, pero tamén vostedes teñen que entender que ás veces, se non temos os medios ou mecanismos para poder levar a cabo, é difícil.

Polo tanto nós entendemos esta moción cun espírito constructivo de tentar corrixir aquelas cuestións que ó mellor non se fixeron ó 100% para dar cumprimento a todos estes acordos, pero con esas dúas matizacións nós estamos dispostos a aceptar ese reto e así o imos facer.

SR. SOTO FERREIRO: Con enorme brevidade, Sr. Figueroa, semella que vostedes están absolutamente satisfeitos de todo menos de comunicar. Se fosen certas

as súas estatísticas, que non o son porque lle deron mal os papeis porque eu teño aquí fotocopia das mocións que presentamos que sen contar o último mes do ano de Nadal de 2003 son 46 e non as 38 que vostede di, pero mesmo se fose coa súa estatística que di que cumpriron 24, faltaríaalles por cumprir o 37, case o 40% das nosas mocións, pero coma son 46 lles fallou por cumprir o 48, case o 50% das nosas mocións. Vostede póñalle o grao de satisfacción que queira.

Ó mellor teño que recoñecer que parte do problema pode estar nalgunha medida estatística na información, pódeme dicir que deu traslado dalgún asunto a algún Ministerio e que non lle dixeron ren, pois o saberá vostede. Iso é recoñecer xa que hai unha falla de información grave.

Pero independentemente diso hai cousas que son difíciles de asumir xa que vostede colleu un dos exemplos que citei eu e devólvollo unha vez máis porque é a parroquia onde vivo e non me vai dicir vostede agora o tempo que levan as obras da estrada de Bembrive, por favor. Vostedes poderán acadar as melloras que queiran, non me importa e xa o dixen máis dunha vez, fixeron un convenio estupendo coa Deputación, un convenio inédito neste Concello, feliciteinos por iso e non me importa dicilo unha vez máis pero as cousas son as que son e esa estrada que se podía rematar porque esa obra se podía facer en dous meses, leva case dous anos por problemas porque estivo parada non sei cantas veces, agora vai a ritmo de tartaruga, hai unha serie de días que non traballa ninguén alí. Paso todos os días, Sr. Figueroa, por favor. Estoulle falando dunha obra que se podería facer coma moito en dous meses, que se podería facer mesmo nun mes e leva case dous anos. Polo tanto vostedes estudarán iso, farán o seguemento que lles pete pero para min un mal é un mal seguemento.

Collo outro exemplo, o dos vóos de baixo custo. Eu non sei qué xestión fixeron ou deixaron de facer vostedes pero o que si sei son os resultados e por iso lles dicía que ou non queren ou non saben. Sei que na Coruña teñen un resultado de vóos de baixo custo; sei que en Santiago teñen uns bos resultados nestes vóos e en Vigo non e se vostedes ou a Xunta de Galiza me dan razóns obxectivas que é con quen se deberían ter preocupado por resolver este tema, ó mellor sería quen do entender, pero se non me dan ningún dato concreto de porqué non penso que hai un gravísimo prexuízo para o aeroporto de Peinador e para todos os cidadáns vigueses e da área sur da provincia de Pontevedra e que vostedes están moi satisfeitos da xestión; pois vaia por Deus.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non penso entrar polo camiño que vostede intencionadamente quere que se entre.

As nosas mocións son as que son porque as gardamos absolutamente todas e preocupámonos do seu seguemento e os datos son os que son. Evidentemente que vostede pode falar do que queira e está no seu lexítimo dereito de dicir que 50% son para as outras administracións e que están cumpridas.

Sinxelamente unha cuestión: cando nesta Corporación se aproba unha moción por unanimidade na que se di que se inste ó Goberno central ou se inste ó Goberno da Xunta para que faga tal e cal cousa, ou para que poña en marcha tal ou cal cousa cae de caixon que o primeiro que ten que facer un goberno é mandar a comunicación, pero iso non é xestión. Xestión é preocuparse de que cando esta Corporación lle di á Xunta ou ó Goberno central e lle insta a que faga tal cousa, que acometa non sei qué ou non sei canto, preocuparse de ver se iso realmente se toma en consideración, de negociar que iso se tome en consideración.

Iso faino un técnico, faino o Secretario ou a persoa quen designe, dicir que a moción está aprobada e que se lle mande á Xunta ou ó Ministerio que corresponda, iso non o fai un goberno; un goberno ten que traer solucións sobre o que a Corporación decide aquí. Dese 50% que vostede di que son a outras administracións quixera saber eu qué acadou este Goberno.

Só un exemplo: aquí apróbase hai xa bastantes mesmas que se lle solicite a quen corresponda, naquel caso poñamos á Xunta pero logo se veu que xa non era á Xunta senón á Tesourería da Seguridade Social, que ese edificio do antigo centro de saúde veña para Vigo e se poida facer a biblioteca municipal. Xa sei que está solicitado, que xa se lle pediu dous ou tres meses máis tarde desa moción, por certo, e a carta obra no noso poder, pero non nos podemos quedar aí, o Sr. López-Chaves que é a quen lle corresponde ten que estar detrás deses temas, esa é a xestión e non pensar que coma xa saíu a instancia hai que se esquecer.

Segunda cuestión: vostede non vai polo rural, coido que non vai moito polas parroquias de Vigo porque nós que si visitamos as parroquias e que todas as semanas nos imos a unha podemos comprobar in situ que as cuestións máis elementais de mantemento, de servizos, de limpeza non se están acometendo. Iso non é cuestión de cartos, é cuestión de xestión e iso pódeo observar calquera veciño e veciña de Vigo.

Terceira cuestión e vou rematando: Vostede está facendo unhas piruetas para tentar confundir e semella que agora toda a culpa de que non fagan as

cousas a ten esa famosa modificación de crédito, ese 18% que di vostede que falla.

Citou exemplos de datos das nosas mocións que estaban nesa pretendida modificación de crédito. Pois voulle dicir para que os cidadáns o saiba que a maior parte desas mocións que o BNG ten presentado sobre cuestións que vostede ven de citar, presentounas moito antes de que vostedes confeccionaran os actuais orzamentos. Se vostedes quixeran acometer esas obras as tiveran incluído no que son os orzamentos actuais. Nos orzamentos actuais vostedes incluíron o que lles pareceu ben e é moi lexítimo coma dixemos naquel debate. Pois nós pensamos que un Goberno ten que priorizar e vaise demostrar que se vostede agora ten que apelar a esa modificación de crédito para facer cousas que antes de que vostedes estiveran facendo eses orzamentos nós xa lles pediamos e non as meteron, é que priorizaron mal, non souberon priorizar ou teñen loxicamente outras prioridades e outros intereses que en todo caso non son os da cidadanía reclamados a través desas mocións.

É moi fácil, cando ademais estase en minoría, aprobar uns orzamentos e logo publicitariamente ademais aprobar unha modificación orzamentaria, sacar das arcas do Concello eses 12 millóns de euros que vostedes pretendían, que poderían mesmo romper ese equilibrio que na anterior lexislatura se deixou nas arcas municipais coma así se dixo en informes, para logo a maiores facer cousas. Incluíranas vostedes nos orzamentos.

Pero estamos satisfeitos dunha cousa, polo menos para algo servíu esta moción conxunta xa que semella que nos van pasar contestación do estado de cada unha das mocións. Alegrámonos por iso e cando así se faga felicitáremolos porque coido que esa é función dun Goberno.

Tampouco nos asusta que ás nosas mocións lles poñan esa coletíña de "comprometidas a unha partida orzamentaria" ou utilización de remanentes porque iso é o que se debería facer, analizar na Corporación, priorizar se vostedes non souberon, decidir en qué imos incluír eses remanentes, para qué os imos incluír, sempre e cando segamos salvagardando o equilibrio financeiro deste Concello e non o que vostedes pretenderon: a un mes vista de aprobar os orzamentos unha modificación orzamentaria con todo en conxunto que ascendía a máis de 11 millóns de euros. Esas son as distintas maneiras de entender e de facer as cousas.

Por último e xa rematando dicir que cando unha moción se aproba aquí e cando a maioría da Corporación aproba unha moción, polo menos o noso Grupo non a aproba co interese de se colgar unha medalla, apróbaa cun único

interese de que se fagan as cousas e de que a Corporación lle poida dicir ós veciños e veciñas que as súas demandas están atendidas. Ese é o obxectivo fundamental que coido e presumo que debe ser o obxectivo de todos e todas os que estamos aquí e iso é o que lles pedimos nesta moción, sen máis, que xestionen e cumpran estes acordos.

SR. PÉREZ MARIÑO: Eu quero facer meus os argumentos do Sr. Soto e do Sr. Domínguez Olveira, pero máis aló dos propios argumentos que presentaron direilles que máis do 90% das nosas 36 mocións, que no número coincidimos vostede e máis eu, non teñen custo económico e por tanto non nos implique vostede nese aspecto.

Segundo, quixo reproducir vostede o debate que houbo cando tentaron o do remanente económico e aquí teño que, non reiterar as verbas do Sr. Domínguez Olveira, senón que outra vez fágoas miñas. Non querería entrar nesta dinámica dunha por unha pero que xa entrou vostede voulle lembrar unha que quizais polo seu contido político sexa especialmente interesante para comprobar o que se fai.

Pleno de xaneiro de 2005, moción deste Grupo instando a realización dunha campaña de divulgación da Constitución Europea. ¿Qué fixeron vostedes malia que llo preguntamos reiteradamente? O meu compañeiro Sr. Arias preguntoulle reiteradamente á Sra. Alcaldesa coma ía a campaña de divulgación da Constitución Europea que se aprobou aquí. Por fin chegounos a resposta: que se puxeran uns prospectos na lonxa do Concello. Crimos que o Concello de Vigo ía facer unha campaña de divulgación porque é un elemento cívico de primeira orde divulgar que non determinar o voto. Vostedes obviaron o acordo. ¿Tiña custo? Ó mellor cunhas conferencias gratuítas arranxaríano. Non necesariamente ten custo, ten vontade política e iso é ó que viñemos esta mañá: esixir a vontade política do cumprimento do que aquí se aprobe nas mocións.

Iso é o que lle reitero e o que malia as súas cifras non fixeron. Non queren vostedes levar cara adiante aquelas mocións que polo que sexa non son afíns ó que pensan.

SR. FIGUEROA VILA: Loxicamente cando se fai un orzamento se prioriza pero vostede, Sr. Domínguez Olveira, sabe igual ca min e que todos os membros desta Corporación que esta cidade ten moitas necesidades. Se vostede pon enriba da mesa estas necesidades seguramente atoparase con milleiros de

problemas e lóxicamente hai que priorizar do un ó mil os máis urxentes e así se fixo nos orzamentos.

Tamén é certo que cando tivemos coñecemento da liquidación e se soubo que había uns importantes remanentes de Tesourería, sen tentar baixo ningún concepto que este Concello tivese dificultades de equilibrio orzamentario adoptamos e tomamos a decisión de acometer todas aquelas prioridades que viñan a seguer e para iso se presentou esa modificación de crédito de 12 millóns de euros que vostede sabe perfectamente igual ca min que na meirande parte das demandas que se presentan aquí coincidimos totalmente, pode haber algunha en concreto entre as 60 ou 70 que houbo nas que ó mellor non coincidimos, pero esa é a prioridade que hai a seguer da que se incluíu no propio orzamento.

Pero tamén lle quero dicir que cando se cumpran estas prioridades haberá outras 500 máis enriba da mesa porque esta cidade é tan dinámica e con tantas necesidades que lóxicamente todos os cartos que metamos no orzamento en investimentos serían insuficientes.

E con iso contéstolle, nós fixemos un orzamento priorizando e a partir daí, canto tivemos coñecemento de que podíamos ter posibilidade de investir 12 millóns de euros máis, tomamos a decisión daquelas cuestións que se estaban demandando incluílas dentro desa modificación de crédito.

Á marxe dos números, de que poida haber un erro de 2 ou 4 mocións, vostedes danse conta de que os estudos que fixemos nós destas mocións están aí, pódense analizar e nós estamos tentando executalos. Sr. Pérez Mariño, que non lle caiba a menor dúbida de que nós temos a intención e a vontade política de facer eses cumprimentos.

Coido que no tocante ó tema da Constitución non se lle pode reprochar absolutamente nada ó Partido Popular de non colaborar na divulgación e na difusión da Constitución e de non pedir o apoio ó voto afirmativo.

Vostede está falando de vontade política e eu traslado a vontade política que tivo un goberno presidido polo Partido Popular de apoio total e absoluto e así se fixo. Naquel momento non se puido facer máis porque non había orzamento e non había consignación orzamentaria para o levar a cabo, coido que esa é a diferenza que hai entre cando se está na oposición e se está no goberno. É lóxico que a oposición tente facer debates políticos e faga propostas de vontades e de intencións políticas pero ó Goberno non nos queda máis remedio que trasladar esas intencións ós órganos executivos e para executar e xestionar esas decisións que se acordan nos Plenos

loxicamente temos que ter consignación orzamentaria, non nos cabe outra saída.

Poderemos levar a piques algún tema puntual que logo hai que levar a convalidar e que non segue o procedemento administrativo, pero moi puntual, senón convirtiríamos esta administración nun desbaraxuste, nun delirio para todos que coido que non sería bo e que nos últimos anos, e aí participamos todos, hai certo rigor orzamentario neste Concello que o estamos facendo todos os Grupos políticos que tivemos a responsabilidade de gobernar.

Marcáronse unhas pautas e estanse cumprindo. Polo tanto esa é a dificultade con que se atopa moitas veces o Goberno a diferenza da oposición. A iniciativa política de facer unha moción haina que respectar e por suposto que a respectamos porque coido que é a esencia da democracia que cada quen poida expresar a súa vontade e manifestala neste plenario ou neste debate político.

Pero tamén e logo de todo este estudo igual hai que reproducir outro debate que xa un día se trasladou a esta Corporación e é se nós temos que tratar temas que son competencia doutras administracións onde hai representación. Iso sempre se trasladou, mesmo houbo algún momento no que había debates de cuestións que se estaban formulando á Xunta, debates políticos puramente doutras institucións que se están trasladando aquí.

Igual temos que tomar esas decisións na Xunta de Voceiros, hai temas que son concretos da Xunta e alí hai un Parlamento, hai representación política e que se traten alí. Eu non digo de obviar aquí o debate político pero hai cuestións puntuais que seguramente non sexan competencia deste Pleno e ó mellor hai que trasladar para que nos órganos de representación tanto no Parlamento autonómico coma nacional se debatan. Cando un fai o estudo e analiza que o 45% das mocións que se presentaron durante este ano e pico do Goberno do Partido Popular pertencen a outras administracións, iso ten que nos levar a esa reflexión.

Xa se produciu aquí ese debate e non é a primeira vez que o estou sacando eu, non é ningunha novidade o que estou dicindo agora mesmo, pero esas son cuestións de profundidade, de calado político que ó mellor temos que tratar noutras esferas os voceiros e falar de qué mocións son as axeitadas para debater aquí co fin de poder facer un alto grao de cumprimento.

Dende o Goberno queremos mostrar unha vez máis a nosa intención de facer cumprir os acordos plenarios, como non podía ser doutro xeito e repito novamente que agora se fixo un estudo destas cento sesenta e pico mocións,

imos detallalo e imos dar resposta na medida das nosas posibilidades ó que aquí se formula.

Polo tanto imos votar a favor do fondo do tema desta moción porque coidamos que os acordos plenarios os hai que cumprir, non cabe outra cuestión e ademais nós temos esa intención e a vontade política do facer. Coido que non ten ningunha lóxica dicir outra cousa.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e os concelleiros Sres. Alonso Vázquez e Iglesias Carrera. Preside o Pleno o Primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polos grupos municipais do PG, BNG e PSdeG-PSOE, relativa ó incumprimento dos acordos plenarios, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOBRE SUPRESIÓN DO TREN DE O PORTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 30 de maio de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"A noticia de que poden ser interrompidos os trens entre Porto e Vigo é un mal obxectivo cara o futuro. Un futuro de evidentes e cada vez máis crecentes intereses comúns, económicos e sociais, entre o norte de Portugal e Galicia.

Certo que o tren que está a prestar ese servizo non invita ós moitos potenciais usuarios a usalo. Un servizo de mellor calidade, máis acorde cos tempos de hoxe variaría os seus índices de ocupación.

Agora ben, mesmo con índices de ocupación baixos, cómpre suliñar que estamos a falar dun servizo público e por iso non valen os simples criterios econométricos. Por diante deles ten que prevalecer o interese público e ninguén pode dudar do evidente interese público en comunicar as dúas cidades máis potentes do norte de Portugal e de Galicia. Mesmo cumpriría estender ese servizo para facelo precursor da alta velocidade polo Eixo Atlántico.

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirlle ó Ministerio de Fomento que dea todos os pasos precisos para que non só non se suprima o tren entre Vigo e Porto, senón que se estude a posibilidade de estenda ata o Ferrol, pasando por Pontevedra, Santiago e Coruña."

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: A razón da urxencia é polos anuncios que se fixeron publicamente de que proximamente pode ser suprimido o tren entre Vigo e Porto e polo tanto seguramente non estariamos a tempo para o tratar noutro Pleno. Esa é a razón do por qué da urxencia.

A PRESIDENCIA: Fale xa sobre o fondo e votaremos a urxencia conxuntamente.

SR. SOTO FERREIRO: O fondo do tema coido que é obvio e coñecido por todos: a nova de que poden seren interrompidos eses trens coido que é un mal que vai realmente xusto na dirección contraria á que camiña a sociedade. O norte de Portugal e Galiza viven cada vez máis xuntos e precisamos máis comunicacións en todos os sentidos, suprimir a única ferroviaria que queda neste momento realmente semella un auténtico contrasentido, é máis, coidamos que debера ser estudada nunha comisión dos dous países, no caso de España polo Ministerio de Fomento, a posibilidade de estender ese tren cara ó norte a Pontevedra, Santiago, O Ferrol e A Coruña, pero o deixamos nas mans de Fomento.

En todo caso a vontade política do Ministerio de Fomento de España tense que demostrar para min claramente neste tema de dous xeitos. En primeiro lugar tentando chegaren a un acordo coas autoridades portuguesas, pero mesmo se as autoridades portuguesas non estiveran dispostas a manter unha comunicación, debería ser o Ministerio de Fomento de España quen asumira esa responsabilidade e, por certo, non con trens daqueles de época, senón e sen ir máis lonxe e mentres non teñamos a alta velocidade cun tren similar ós nexus ou algo polo estilo.

En definitiva isa é a petición concreta que lle debemos facer ó Ministerio de Fomento e esperemos que así sexa atendida.

(No momento das votacións está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e os concelleiros Sres. Barros Puente e Iglesias Carrera. Preside o Pleno o Primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa á posible suspensión do tren entre Vigo e Porto, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (120).-ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. TOBA GIRÓN, RELATIVA Á AUSENCIA DA SESIÓN PLENARIA DA ALCALDESA-PRESIDENTA.

SR. TOBA GIRÓN: A Sra. Alcaldesa-Presidenta deste Pleno abandonou a reunión ó longo da realización do plenario. ¿Hai algunha explicación para o abandono da reunión pola Sra. Alcaldesa?

A PRESIDENCIA: Ten un compromiso na súa axenda e tivo que saír, ese foi un dos motivos de pedirllas a vostedes adiantar a reunión ás 8 e media da mañá.

* ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, SR. ALONSO VAZQUEZ, RELATIVO A MISA DE CABODANO POLOS MARIÑEIRO MORTOS DO O BAHÍA.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Eu queredría aquí invitar a toda a Corporación municipal porque o xoves, ás 6 da tarde, imos facer un funeral xa que hai un ano que morreron os compañeiros de O Bahía e estámolo organizando a través da Confraría, será no aberto do Berbés.

Sinxelamente é para dicir iso e para lles dar as gracias anticipadas ós que vaian.

A PRESIDENCIA: Ben, que se recolla a petición do Sr. Alonso.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SRA. SÍO LOURIDO RELATIVO A MULTAS IMPOSTAS A TAXIS PARA SERVIZOS ESPECIAIS DE DISCAPACITADOS.

SRA. SÍO LOURIDO: Querería facer un rogo por algo que me comentaron que coido que se debería ter en conta.

Dende hai algún tempo temos dous taxis para persoas con discapacidade que fan servizos que ás veces son especiais, é dicir, tardan máis do normal, están parados nunha segunda fileira máis do normal, púxolles algunha multa o coche especial que ten o Concello. O meu rogo sería que se estudase con eles, que se comprobase, que se falase porque polo visto eles fixeron un prego de descargo e non se atendeu, pero ó seren servizos nos que hai que baixar a cadeira de rodas levan máis tempo. Quizais debería falarse isto cos responsables deste coche especial e tamén cos taxis especiais para discapacitados. Ese é o meu rogo.

SR. COELLO BUFILL: Evidentemente que o trasladarei ó servizo técnico e estudaremos con sumo coidado a súa petición. Moitas gracias.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.